



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLA OFICIAL DE
IDIOMAS DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE ITALIANO

CURSO 2024/2025

1. INTRODUCCIÓN	3
1.1. MARCO LEGAL	3
1.2. CONTEXTO EDUCATIVO	3
2. NIVEL BÁSICO A1 E A2	4
2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	5
2.2. OBXECTIVOS XERAIS	5
2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	7
3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2	47
3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	47
3.2. OBXECTIVOS XERAIS	48
3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	49
4. NIVEL AVANZADO C1 E C2	123
4.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	123
4.2. OBXECTIVOS XERAIS	123
4.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	126
4.3.3. NIVEL AVANZADO C2	177
5. AVALIACIÓN	177
5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN	177
5.2. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	177
5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL	177
5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA	178
5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO	179
5.2.4. PROBA FINAL DE PROMOCIÓN E DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN	179
5.2.5. PRBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN	180
5.2.6. AUTOAVALIACIÓN	182
5.3. CONVOCATORIA DAS PRBAS	185
5.4. ASISTENCIA	185
5.5. SESIÓNS DE ESTANDARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓN	185

5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	186
6. ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	186
7. RECURSOS DIDÁCTICOS	188
8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO	189
9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO	190
10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC	192
11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	193
12. OUTROS CURSOS	198
13. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	198
14. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	199
15. PROCEDEMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO	200

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 16 de maio de 2024, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024-2025.

1.2. CONTEXTO EDUCATIVO

O Departamento de Italiano da EOI de Santiago de Compostela creouse no ano académico 2008-2009 e actualmente conta con 4 docentes a tempo completo. Polo que respecta o alumnado, atopámonos cun alumnado heteroxéneo que, polo tanto, terá diferente:

- nivel de estudos (estudos primarios, secundarios ou universitarios);
- capacidade e ritmo de aprendizaxe;
- interese pola lingua (profesional e laboral, académico ou persoal);
- alfabetización tecnolóxica;
- idade (desde menores de idade a xubilados);
- condicións socioeconómicas (desempregados, persoal da administración pública, estudantado de **secundaria ou universitario, persoal docente...**);
- coñecemento e contacto previo coa lingua;
- modalidade de acceso aos cursos e niveis que ofrece o departamento.

Se nos centramos nos dous aspectos máis importantes para analizar o contexto educativo do alumnado (o seu interese pola lingua e a modalidade de acceso aos estudos nos cursos de italiano), cómpre comentar o seguinte.

No tocante ao interese do alumnado pola lingua, o alumnado que estuda italiano ten a necesidade de aprender e perfeccionar a lingua porque:

- desenvolve unha profesión relacionada co turismo (guía, dependente en comercio, emprego Nun establecemento hoteleiro...), co comercio (dependente de comercio, importación e exportación de **produtos...**) ou **quere mellorar o seu currículo**;
- precisa un certificado de nivel por motivos académicos (estudantes de secundaria ou de universidade);
- realiza cursos de linguas para a súa formación profesional (profesorado de primaria e de secundaria);
- ten un interese persoal ao contar con familia en/de países nos que se fala a lingua ou porque realiza viaxes de pracer;
- está interesado en facer unha actividade de carácter intelectual no seu tempo libre.

No que se refire á modalidade de acceso aos cursos e niveis ofertados polo departamento, atopámonos coas seguintes tipoloxías de alumnado:

- principiantes absolutos, é dicir, alumnado que accede ao curso A1A2;
- precedente das probas de clasificación, é dicir, alumnado que accedeu, sen certificación, a cursos de B1, B2 ou C1 na convocatoria deste ano ou do curso anterior;
- que conta cunha certificación de EOI na convocatoria 2023-2024, en anteriores convocatorias tanto do plano de estudos do 2007 como do 1989);
- que promocionou de curso dentro da EOI no curso 2023-2024, en cursos anteriores ou que repite curso;
- con certificacións doutras institucións nacionais (p. ex: Centro de Linguas Modernas da USC) ou internacionais.

No tocante ao alumnado, é tamén conveniente ter en conta a cantidade de alumnado que cursa ou cursou italiano nos últimos anos. As cifras amosaban un mantemento no tocante ao número de alumnado de arredor dos 200 estudantes nos anteriores 5 cursos académicos á pandemia. Tras a diminución experimentada nos cursos 2020-2021 e 2021-2022 e tras o aumento do número de alumnado matriculado no 2022-2023, cuxo número se mantivo no 2023-24, no momento de redacción da presente programación detéctase un mantemento das cifras do curso anterior. Polo tanto, poderíase considerar que se afianza a recuperación iniciado hai dous cursos.

Para cubrir a demanda de prazas, o Departamento de Italiano ofrece no presente ano académico 2024/25 os seguintes cursos na sede de Santiago-Vite:

Nivel	Nº de grupos	Horarios
A1A2	4	1 grupo pola mañá 3 grupos pola tarde
B1	3	1 grupo pola mañá 2 grupos pola tarde
B2.1	2	1 grupo pola mañá 1 grupo pola tarde
B2.2	2	1 grupo pola mañá 1 grupo pola tarde
C1.1	1	1 grupo pola tarde
C1.2	1	1 grupo pola tarde
Total	13	

2. NIVEL BÁSICO A1 E A2

O currículo do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten a finalidade de dar resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual plurilingüe e pluricultural.

O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no Marco Europeo Común de Referencia para as

Linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECRL) e na Lei Orgánica de Educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. O nivel básico das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia A2 do MECR: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque accional polo que se pronuncia o MCER.

O nivel, tal e como establece o Decreto 81/2018 pódese desenvolver nun ou en dous cursos. No presente ano académico ofértanse catro grupos de A1A2 para impartir dito nivel nun curso de duración.

2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

BÁSICO A1

O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

BÁSICO A2

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

2.2 OBXECTIVOS XERAIS

BÁSICO A1

As ensinanzas do nivel básico A1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Este nivel de uso do idioma permitirá, igualmente, actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación. Con este fin, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A1, o alumnado será capaz de:

–Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, en situacións en que se utilicen frases moi sinxelas e habituais referidas a temas

moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.

–Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por outros medios técnicos, textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.

–Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos moi breves e sinxelos claramente estruturados, en lingua estándar, e que conteñan información moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.

–Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiáns e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

–Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter moi habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.

BÁSICO A2

As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e cotiáns sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiáns de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A2, o alumnado será capaz de:

–Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

–Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a

repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.

– Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.

–Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

–Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

Para o curso de básico A1A2 empregaremos como libro de texto o método de Simone Bacci et al. *Dai! 1 Corso d'italiano. Libro dello studente + Esercizi. Livello A1* publicado por Casa delle Lingue (Barcelona). Na bibliografía recomendouse a edición premium pois esta combinación permite a consulta manual do exemplar e inclúe un código para acceder aos recursos dixitais durante 12 meses; a maiores, presenta as actividades de maneira interactiva, o que enriquece o repaso e a aprendizaxe autónoma do alumnado.

Cómpre aclarar que as unidades empregadas do manual de A1 serán completadas e enriquecidas con materiais de elaboración propia do profesorado titor deste curso así como materiais procedentes doutros libros de texto e recursos en liña para que o alumnado acade o nivel A2 nun curso. Polo tanto, partindo das unidades coas que conta este método de ensino da lingua italiana, desenvolveremos os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 191/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio.

Os obxectivos e contidos do básico A1A2 desenvolveranse partindo das 9 unidades didácticas que aparecen indicadas máis adiante nas táboas da secuenciación. A distribución é flexíbel e pode sufrir modificacións para axustarse ao andamento escolar.

Ao se tratar de ensino presencial, a aula virtual será un recurso máis para o alumnado que non puido asistir e/ou quere repasar ou ampliar o impartido na clase. Ademais, trátase dun enlace a maiores co profesorado titor e os compañeiros e compañeiras da clase. Pódese empregar para facilitar o traballo colaborativo fóra da escola.

O ano académico 2024-2025 o curso escolar divídese en dous cuadrimestres. No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria da aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos os estudantes a avanzaren na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadaren os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As devanditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.

- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

A1A2 - 1º cuadrimestre- Unidade 01: *CIAO, PIACERE!*

Obxectivos específicos por destrezas

CTO	Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.
PTO	Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.
CTE	Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.
PTE	Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.
MED	Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: convencións para saudar en Italia; a división da xornada en Italia; a lingua italiana. Italia en imaxes. Mapa cultural das rexións en Italia.
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel.
- Funcionais: saudar; comunicarse en clase, preguntar o nome; presentarse; preguntar e indicar a procedencia; despedirse; pedir que se repita unha información. Presentarse e presentar a alguén. Distinguir entre rexistro formal e informal; dicir porqué se estudia italiano. Pedir e dar informacións persoais.
- Discursivos. Oraís: vídeo e audio de conversas cara a cara. Escritos: vocabulario visual.
- Sintácticos: os pronomes persoais suxeito io, tu, Lei; presente indicativo de *essere, avere e chiamarsi* en singular; os artigos determinativos il e la; a conxunción ma. O xénero masculino e feminino. Os interrogativos: come, dove, perché, quanto, quale
- Léxicos: os adxectivos de nacionalidade; os numerais cardinais de 0 a 100.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: alfabeto; pronunciación das letras do italiano, a correspondencia entre son e grafía; convencións ortográficas máis comúns.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO sobre diálogos de presentación.
- CTO sobre conversas sobre o número de teléfono e deletreo de apelidos.
- Facer unha lista dos saúdos, das frases útiles para presentarse en italiano e dos motivos de estudio.
- Facer actividades de familiarización coa aula virtual, como por exemplo participar no foro para publicar a propia presentación en formato audio e/ou escrito.
- Actividade sobre as nacionalidades.
- Xogos e vídeos sobre os números.
- Empregar unha ou máis cancións para recoñecer e practicar os sons.
- Conversas sinxelas en parellas ou en grupos pequenos.
- Pequenos monólogos de presentación.
- CTO sobre diálogos entre amigos.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación	
CTO	Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.
PTO	Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.
CTE	Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.
PTE	Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.
MED	Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de apreciar os sons e a entoación máis común.
PTO	É capaz de pronunciar e entoar coa claridade suficiente cun moi evidente acento estranxeiro e erros que permitan a comprensibilidade
CTE	É quen de recoñecer o que significan as convencións de formato textual e as ortotipográficas máis básicas.

PTE	É capaz de empregar a puntuación e a ortografía máis elemental.	
MED	É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros.	
Temporalización		Materiais
Mes de setembro/outubro (5 sesións ca).		As unidades 0 e 1 do libro de texto, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de Erasmus +, cancións, escenas de películas...

A1A2 - 1º cuadrimestre - Unidade 02: <i>GENTE DI TALENTO</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

PTO	Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns. Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.
CTE	Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela. Comprender información relevante en noticias moi breves que contén con apoio visual.
PTE	Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
MED	Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.
Competencias e contidos	

- Socioculturais e sociolingüísticos: códigos de comportamento en situacións sociais, principais cidades italianas, as profesións máis solicitadas en Italia. *O Made in Italy*.
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel.
- Funcionais: como iniciar unha conversa, presentar outras persoas, pedir e dar información persoal, informarse dos coñecementos lingüísticos doutras persoas e indicar os propios, lamentar algo, dar as grazas, preguntar e dicir a idade. Falar da profesión.
- Discursivos. Oraís: vídeo e audio de conversas cara a cara e por teléfono. Escritos: anuncios en redes sociais, anuncios en taboleiros, mapa.
- Sintácticos: formas regulares en –are, auxiliares essere e avere, verbos irregulares frecuentes fare e stare, formas de singular de substantivos e adxectivos, singular de artigos definidos e indefinidos, negación e afirmación, as conxuncións perché e siccome. A formación do plural. As preposicións a e in.
- Léxicos: os demostrativos en singular questo e questa; as preposicións a e in; os interrogativos che, chi, dove, quanti; os números cardinais até 100; indefinidos qualcuno e nessuno; nomes de profesión e dos lugares de traballos; nomes de idiomas.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: reforzo da correspondencia entre son e grafía, usos básicos de maiúsculas e minúsculas. Os dous sons de C e G (duro e dolce)

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO sobre diálogos para preguntar sobre o estado de ánimo
- CTO sobre conversas de presentacións formais e informais
- Actividade sobre os idiomas que saben falar. Xogos e vídeos sobre os números.
- Xogos sobre o uso do artigo.
- Empregar unha ou máis cancións para revisar vocabulario.
- Actividade de asociación entre profesións e lugares de traballo.
- Publicar textos breves en redes sociais.
- Realizar monólogos sinxelos de presentación pero ampliados respecto á unidade anterior.
- Conversas nas que presentan a outras persoas.
- Completar un mapa de Italia.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación	
CTO	Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
PTO	Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
CTE	Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.
PTE	Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).
MED	É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.

PTO	É quen de participar nunha conversa sinxela e moi breve, se se fala con lentitude e claridade, preguntando e respostando para garantir a comunicación e iniciando e pechando a quenda de palabra de xeito moi básico, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.	
CTE	É quen de empregar estratexias para entender o esencial do texto.	
PTE	É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos.	
MED	É capaz de intervir aplicando as convencións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.	
	Temporalización	Materiais
	Mes de outubro (5 sesións ca.)	A unidade 2 do libro de texto, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

A1A2 - 1º cuadrimestre - Unidade 03: *UN BEL QUARTIERE*

Obxectivos específicos por destrezas

CTO	Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
PTO	Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.
CTE	Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente. Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...).
PTE	Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.
MED	Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra..

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: • cidades e monumentos italianos. • os horarios en Italia. As cidades nas que mellor se vive en Italia. As prazas máis bonitas de Italia.
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel.
- Funcionais: describir unha cidade. • pedir unha información e reaccionar. • describir un percorrido, dar e pedir indicacións. • falar dos horarios de apertura e peche.
- Discursivos. Oraís: audios de conversas sobre descrições de cidades e dar indicacións para moverse nunha cidade, vídeo de promoción turística dunha localidade. Escritos: mensaxes nun forum sobre as actividades que se poden facer na cidade, postais.
- Sintácticos: o partitivo usado como artigo indeterminado plural. • o ci locativo • concordancia do sustantivo e o adxectivo. • O presente de indicativo dos verbos en -isc • Artigos indeterminados singulares e plurales • Algunhas preposicións articuladas • preposicións e locucións de lugar: vicino a, di fronte a, accanto a... • c'è e ci sono • Os sustantivos acabados en -ca y -ga, -co y -go. Os adxectivos indefinidos troppo, molto, tanto, poco
- Léxicos: adxectivos para describir unha cidade. • nomes de servizos da cidade. • tipos de rúas. Lugares e monumentos da cidade. Expresións de lugar.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: repaso da pronuncia del grupo sco - sci • repaso da pronuncia dos grupos sci - schi / sce - sche

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Emparellar fotos con nomes de cidades.
- Falar sobre as cidades italianas que coñecen.
- CO dun diálogo sobre visitas a unha cidade.
- Xogo para facer os plurais de lugares da cidade e reforzar as concordancias adxectivo-nome.
- Ler distintas mensaxes nun forum sobre unha cidade e extraer as principais informacións.
- Escribir unha breve carta onde se presenta a propia cidade dando indicacións sobre que visitar ou facer.
- CO dun diálogo dando indicacións sobre o transporte urbano.
- PO Repetir o diálogo anterior modificando algúns datos.
- CO para seguir as indicacións orais nun mapa.
- Xogo para dar indicacións nun mapa da cidade.
- Comparar oralmente os horarios italiano cos propios.
- **Ver o videocurso da unidade "Alla scoperta di Arezzo"**
 - Facer un mural coas cidades máis bonitas do mundo.
 - Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
PTO	Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

CTE	Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
PTE	Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
MED	Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece.
PTO	É quen de usar expresións básicas, comunicando de xeito comprensible, con pausas, vacilacións e reformulacións.
CTE	É quen de comprender o léxico máis elemental sobre temas moi frecuentes ou sobre necesidades esenciais, e deducir o significado do que descoñeza.
PTE	É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.
MED	É capaz de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.

Temporalización	Materiais
Meses de novembro (6 sesións ca.)	A unidade 3 do libro de texto, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual (engadindo o tema "indicazioni stradali" non presente no libro), exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

A1A2 - 1º cuadrimestre - Unidade 04: <i>PERSONE IMPORTANTI.LA FAMGLIA.</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.
PTO	Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

CTE	Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
PTE	Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.
MED	Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra..
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> • Socioculturais e sociolingüísticos: • diferentes tipos de familia • relacións familiares • celebracións en familia. Biografía dun italiano famoso: O director de cine Paolo Sorrentino • Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. • Funcionais: • falar da esfera persoal; describir as persoas física e caracterialmente • expresar gustos e preferencias • falar de regalos • Discursivos. Orais:, entrevista sobre relacións familiares, presentación dunha familia. Escritos: anacos de novas de xornais, árbores xenealóxicas, e-mails, chistes, biografías sinxelas de personaxes famosos. • Sintácticos: posesivos • recoñecer o uso especial de posesivos cos nomes de familia; os pronomes indirectos, os adxectivos calificativos; o verbo <i>Piacere</i> • Léxicos: • ampliación do vocabulario para describir persoas • vocabulario dos membros e estruturas familiares. Oléxico dos gustos e os interese. O léxico do físico e do carácter. • Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: entonación: expresar sorpresa, interese, acordo y desacordo. 	

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Actividades de asociación de titulares de xornal e imaxes
- Contribuír a un glosario sobre o campo semántico da familia no forum da aula virtual
- Describir unha árbore xenealóxica
- PE concurso de preguntas sobre un personaxe famoso. En grupo
- CTO descrición dunha familia
- Falar de tres persoas importantes na nosa vida
- CTE email en ocasión dun evento na familia
- Escribir un email a un amigo no que se fala de novidades
- Procurar, seleccionar e transmitir un chiste sobre a familia
- CTO entrevista sobre relacións familiares
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Critérios de avaliación

CTO	Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
-----	--

PTO	<p>Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p>
CTE	<p>Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>
PTE	<p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p>
MED	<p>É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p>
<p>Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel</p>	
CTO	<p>É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece.</p>

PTO	<p>É capaz de producir frases illadas moi sinxelas e de uso moi frecuente. Pode producir as estruturas máis sinxelas e habituais da lingua de uso cotián.</p> <p>É quen de participar nunha conversa sinxela e moi breve, se se fala con lentitude e claridade, preguntando e respostando para garantir a comunicación e iniciando e pechando a quenda de palabra de xeito moi básico, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.</p>
CTE	<p>É quen de comprender o léxico máis elemental sobre temas moi frecuentes ou sobre necesidades esenciais, e deducir o significado do que descoñeza</p>
PTE	<p>É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.</p> <p>É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos.</p>
MED	<p>É capaz de intervir aplicando as convencións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p>
Temporalización	
Materiais	
Meses de novembro e decembro (6 sesións ca.)	<p>A unidade 4 do libro de texto, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...</p>

A1A2 - 2º cuatrimestre - Unidade 05: *ABITUDINI QUOTIDIANE E TEMPO LIBERO*

Obxectivos específicos por destrezas

CTO	Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
PTO	Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica
CTE	Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (p.e. anuncios de apartamentos e hoteis)
PTE	Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

MED	Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: preferencias e costumes italianos respecto ao tempo libre • horarios da vida cotiá en Italia • museos e monumentos italianos. O comisario Montalbano di Andrea Camilleri. Os horarios dos servizos e establecementos en Italia. ● Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. ● Funcionais: falar do tempo libre • falar da frecuencia con que se fai algo • expresar acordo e desacordo • preguntar e dicir a hora • falar de horarios de traballo, dunha xornada típica e dos costumes • facer unha proposta e unha contraproposta • aceptar unha proposta e fixar un encontro • rexeitar unha proposta • motivar o rexeitamento dunha proposta ● Discursivos. Orais: conversas sobre propostas de actividades para tempo libre, descricións de preferencias do tempo libre, unha canción sobre o tempo libre. Escritos: intervencións en redes sociais, axendas, información turística, carteleira ou programación cultural ● Sintácticos: Verbos reflexivos. A contracción dall'una / dalle due / all'una / alle due ecc. Expresións útiles para facer propostas, chegar a un acordo e recapitular a información: che ne dici di infinito/potremmo/dai, andiamo insieme al cinema/che cosa ne pensi?/ti piacerebbe.../allora.../quindi ci vediamo davanti al cinema alle otto, giusto?/... Mentre. Invece. Stare + xerundio. Comparativo di, quanto/come. Os pronomes indirectos en relación co verbo piacere. Anche/neanche. Mi piace, mi piacciono. Presente de andare, giocare, leggere, uscire ● Léxicos: actividades de lecer e deportes. Momentos do día e días da semana, adverbios de frecuencia, accións da vida cotiá. O léxico do carácter. ● Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: entoación adecuada para preguntas, afirmativas e negativas; ortografía de nomes estranxeiros como sport e hobby; a estrutura silábica. 	
Actividades	

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO conversa sobre propostas e contrapropostas de actividades de lecer
- Actividades de asociación con vocabulario de actividades de lecer e imaxes
- Contribuír a un glosario sobre o tempo libre no forum da aula virtual
- Actividade ou xogo sobre léxico de tempo libre, como por exemplo un xogo de mímica e/ou crucigrama en parella
- Realizar diálogos para organizar actividades de tempo libre
- Responder a un cuestionario sobre o tempo libre
- Presentar as costumes e actividades cotiás dos habitantes dun país ou dunha cidade e decidir onde che gustaría vivir.
- Actividades ou xogos como o reloxo humano para practicar as horas
- Facer unha entrevista para coñecer o estilo de vida dun compañeiro e dunha compañeira.
- CTE sobre información turística de museos e monumentos italianos
- Xogos como por exemplo a roda da fortuna para practicar ou reforzar o vocabulario do tempo libre e das accións cotiás
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
PTO	Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

CTE	Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.
PTE	Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns). Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.
MED	É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.
PTO	É quen de participar nunha conversa sinxela e moi breve, se se fala con lentitude e claridade, preguntando e respostando para garantir a comunicación e iniciando e pechando a quenda de palabra de xeito moi básico, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.
CTE	É quen de empregar estratexias para entender o esencial do texto
PTE	É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos. É capaz de empregar a puntuación e a ortografía máis elemental.
MED	É capaz de intervir aplicando as convencións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.

Temporalización	Materiais
Xaneiro /febreiro (7 sesións ca.)	A unidade 5 do libro de texto, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

A1A2 - 2º cuadrimestre - Unidade 06: <i>TUTTA TAVOLA</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.
PTO	Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica. Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se lles repiten e se lles axudan coas respostas. Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.
CTE	Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

PTE	Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.
MED	Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> • Socioculturais e sociolingüísticos: costumes italianos respecto á alimentación e consumicións • uso da cortesía en establecementos. Recetas da tradición. Os pratos do menú en Italia. • horarios e hábitos de comida e consumo • gastronomía italiana • boas maneiras na mesa • Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. • Funcionais: • pedir algo de comer e beber nun bar, cafetería ou restaurante • pedir unha consumición de maneira educada • pedir algo que falta na mesa • pedir a conta; falar dos costumes alimentarios. Pedir e dar información sobre produtos alimentarios. • Discursivos. Orais: conversas en restaurantes e para facer reservas, diálogos sobre como organizar unha cea. Explicacións de receitas, publicidade de produtos alimentarios. Escritos: cartas de restaurantes e menús, horarios, anuncios de restaurantes. Receitas con apoio visual, decálogo de boas maneiras. • Sintácticos: O condicional de cortesía vorrei. Concordancia nominal de xénero e número. Diferenza entre adverbio bene e adxectivo buono. O conector invece. Os artigos partitivos. O NE partitivo. Os pronomes directos. A construción impersonal. O verbo volere. • Léxicos: Tipos de restaurantes. Pratos, tipos de alimentos e bebidas. Medidas e cantidades. Lugares nos que facer a compra. 	
Actividades	

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO sobre pedidos de consumicións nun local de restauración.
- Redactar unha lista da compra.
- Preparar o menú para unha cea coa clase.
- CTE sobre cartas e menús de locais de restauración.
- Xogos como por exemplo battaglia navale ou kahoot para practicar ou reforzar o uso dos pronomes directos e do NE.
- escoitar receitas e diálogos sobre cantidades e prezos.
- Tomar notas dun pedido ou de datos dunha reserva.
- Empregar unha ou máis cancións para revisar vocabulario.
- Actividade de asociación entre preferencias culinarias e locais de restauración.
- Describir os produtos alimentarios que máis consumimos e onde os compramos.
- CTO sobre como organizar unha cea.
- Realizar diálogos sinxelos nun restaurante, como facer unha reserva por teléfono e/ou como organizar unha cea.

Criterios de avaliación

CTO	Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
PTO	Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación

CTE	Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.
PTE	Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).
MED	É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento. Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emissores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos.
PTO	É capaz, de xeito sinxelo, de interactuar en conversas breves, de xeito lento e claro, garantindo a comunicación, aínda que presente erros
CTE	É quen de recoñecer o formato, a tipografía, a ortografía e a puntuación máis esencial
PTE	É quen de redactar textos breves, con estruturas sinxelas e frecuentes, e léxico e conectores moi comúns.
MED	É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto. É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros.

Temporalización	Materiais
Meses de febreiro/marzo (7 sesións ca.)	A unidade 6 do libro de texto, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

A1A2 - 2º cuadrimestre - Unidade 07: <i>UNA BELLA ESPERIENZA</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema. Comprender a información esencial en exposicións e presentación públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
PTO	Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras. Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se lles repiten e se lle axudan coas respostas. Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.
CTE	Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiás. Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

PTE	Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.
MED	Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> • Socioculturais e sociolingüísticos: máis cidades e monumentos italianos. • lugares de vacacións en Italia. • viaxes e actividades de vacacións. • xeografía italiana. • O sistema educativo en Italia. Algúns personaxes italianos con proxección internacional. • Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. • Funcionais: • contar eventos do pasado (passato prossimo)• falar das vacacións e das actividades de lecer. • describir o tempo meteorolóxico. • falar do futuro e das condicións de traballo. • Discursivos. Orais: diálogos nos que se describen vacacións pasadas e proxectos, boletín meteorolóxico. Escritos: mensaxes de correo-e nas que se describen as actividades realizadas nas vacacións, anuncios de actividades e estruturas turísticas, mapas meteorolóxicos. • Sintácticos: presente dos verbos sapere e potere. O passato prossimo. • adverbios como mai o già en relación co passato prossimo. • algúns participios irregulares. • a dobre negación. • tutto il - tutti i. • o superlativo absoluto. • o indefinido qualche; locucións temporais do pasado. • Léxicos: • vacacións e actividades de lecer. • o tempo meteorolóxico, verbos para falar das experiencias da vida; O léxico das habilidades, competencias e intereses. Indicadores temporais. • Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: diferencias entre /s/ e /z/, diferencias entre /ts/ e /dz/ 	
Actividades	

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Emparellar fotos con lugares e actividades de vacacións.
- CTE de dúas mensaxes sobre vacacións.
- PTO Enumerar as actividades realizadas por dúas persoas utilizando o passato prossimo.
- Xogos para construír preguntas sobre actividades realizadas nas pasadas vacacións.
- CTO dun diálogo entre amigos e individuar cales foron as actividades realizadas por cada un.
- Entrevistar os compañeiros sobre a última vez que fixeron certas actividades.
- CTO dun diálogo no que se describe unha viaxe e responder a preguntas sobre o itinerario e as actividades realizadas.
- Emparellar debuxos a expresións sobre o tempo meteorolóxico.
- Describir o tempo meteorolóxico en función dun input visual
- Xogo para dar indicacións cun mapa
- Contar algunhas experiencias importantes.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma. Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
PTO	Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

CTE	Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
PTE	Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
MED	É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento. Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos. É quen de recoñecer o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.
PTO	É capaz de empregar expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas.
CTE	É quen de entender o léxico básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.
PTE	É quen de empregar un conxunto de léxico escrito que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.

MED	É capaz de intervir aplicando as convencións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto. É quen de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.	
	Temporalización	Materiais
	Meses marzo/abril (8 sesións ca.)	A unidade 7 do libro de texto, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

A1A2 - 2º cuadrimestre - Unidade 08: <i>UN BEL VIAGGETTO</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes. Comprender a información esencial en exposicións e presentación públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
PTO	Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica. Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

CTE	Comprender textos instrutivos, descriptivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.
PTE	Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social. Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.
MED	Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión. Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como por exemplo mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> • Socioculturais e sociolingüísticos: • as festividades en Italia • a propina e o recibo en Italia; marcas italianas sostibles • Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. • Funcionais: reservar unha habitación de hotel, solicitar informacións sobre os servizos e prezos dun aloxamento, indicar problemas ou carencias na habitación, describir os cuartos dun apartamento o dun hotel, describir e comprar pezas de roupa, falar dos hábitos de consumo propios, facer a compra nunha tenda, describir un establecemento. • Discursivos. Orais: audios de conversas por teléfono e en persoa en relación a servizos de aloxamento. Escritos: anuncios de diversos tipos de aloxamentos turísticos (apartamentos e hoteis), diálogos nunha tenda Escritos:, listas da compra, folletos de ofertas de supermercados, etiquetas. • Sintácticos: Preposicións articuladas: nella camera c'è..., dalla camera, nel... As preposicións para indicar un período de tempo. Os adverbios interrogativos. Os pronomes directos lo, la, li, le e ne. A construción impersonal si + verbo. O partitivo singular. Imperativo de afirmación e negación con tu. Concordancia do pasado proximo cos pronomes directos. Os pronomes indirectos. • Léxicos: Servizos do hotel e da habitación. Expresións necesarias para reservar unha habitación e solicitar informacións. Cuartos e mobiliario. Meses do ano e a data (repaso). Números ordinais. Números desde 100. As cantidades. Moedas cores e materiais de prendas de roupa. Nomes de establecementos. • Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: As consonantes dobles e simples. Repaso de entoación axeitada cando se trata de vostede en establecementos comerciais. 	

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Emparellar imaxes e léxicos relativo aos servizos hosteleiros.
- CTO sobre a reserva dun cuarto nun hotel.
- Emparellar preguntas e respostas sobre prezos e servizos.
- PTO para improvisar un diálogo para reservar unha habitación cunhas determinadas características .
- Xogo: recordar o mobiliario e obxectos dunha habitación despois de mirar un debuxo.
- CTO sobre unha chamada telefónica expoñendo problemas no cuarto.
- Elixir a roupa para un evento
- PTO para preparar un diálogo para queixarse da habitación.
- Elixir entre 5 posibilidades un aloxamento e explicar a motivación.
- CTO sobre unha chamada telefónica sobre o aloxamento nun apartamento.
- Escribir unha carta describindo brevemente o aloxamento.
- escoitar receitas e diálogos sobre cantidades e prezos.
- Coñecer os nomes das tendas especializadas: o centro comercial.
- PTO para describir e comprar roupa.
- CTO sobre a interacción nunha tenda para comprar roupa.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
PTO	Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

CTE	Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
PTE	Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
MED	Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlle ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de recoñecer o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.
PTO	É quen de saber empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.
CTE	É quen de entender o léxico básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.
PTE	É quen de empregar un conxunto de léxico escrito que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.
MED	É quen de escribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.

Temporalización	Materiais
Mes de abril (6 sesións ca.)	A unidade 8 do libro de texto, materiais didácticos de elaboración propia (engadindo o tema "Reservar aloxamentos turísticos: apartamentos e hoteis": prenotare una stanza in un albergo o in un apartamento turístico. "A casa e o mobiliario") compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

A1A2 - 2º cuadrimestre - Unidade 9: CHE RICORDI! L'INFANZIA	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar. Comprender a información esencial en exposicións e presentación públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
PTO	Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.
CTE	Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns. Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.
PTE	Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

MED	<p>Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.</p> <p>-Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).</p>
Competencias e contidos	
xoguetes.	<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: • A Italia dos anos 60 • A Italia dos anos 80; La cultura pop Made in Italy. A infancia, os xogos e os ● Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. ● Funcionais: falar de feitos e obxectos do pasado. Describir situacións e lugares do pasado • Falar das diferencias entre o pasado e o presente. ● Discursivos. Oraís: . Escritos: anuncios de diversos tipos de aloxamentos turísticos (apartamentos e hoteis), diálogos nunha tenda Escritos: ● Sintácticos:O pretérito imperfecto de indicativo. Os indicadores temporais: da bambino, da piccola, da ragazza, una volta, allora, in quell'epoca, negli anni '20, '30, '40,...prima e adesso. Repaso dos posesivos cos nomes de familia. ● Léxicos: Servizos do hotel e da habitación. Expresións necesarias para reservar unha habitación e solicitar informacións. Cuartos e mobiliario. Meses do ano e a data (repasso). Números ordinais. Números desde 100. As cantidades. Moedas cores e materiais de prendas de roupa. Nomes de establecementos. ● Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: o acento na conxugación do imperfecto de indicativo.
Actividades	

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Falar da nosa infancia.
- Describir persoas: falar dunha persoa que foi importante na nosa infancia.
- Relatar os nosos costumes antes e agora.
- Facer o album de lembranzas da clase.
- CTO descrición dunha familia.
- Describir fotos da infancia ou do pasado.
- Actividades de reforzo contraste uso passato prossimo e imperfecto.
- Vocabulario visual xogos e xoguetes. Xogos tradicionais italianos.
- PO sobre a escola: os nosos profesores, materias e como éramos nós mesmos.
- Xogos e actividades poe ex. unha ruleta para a práctica das formas do imperfecto.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.
PTO	Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación. Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora..
CTE	Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.

PTE	Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).
MED	Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de distinguir os sons, pronunciacións e entoacións máis comúns.
PTO	É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo. Pode utilizar estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes. É quen de pronunciar e entoar con suficiente claridade, con acento estranxeiro e cometendo erros que non impidan a comunicación.
CTE	É quen de comprender o esencial do texto.
PTE	É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos.
MED	É quen de escribirlles ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.
Temporalización	Materiais

Meses de abril-maio (4 sesións ca.)

A unidade 2 do libro **"Dail 2"**, materiais didácticos de elaboración propia (descripción de persoas, relacións familiares, vocabulario dos membros da familia, os xogos e xoguetes da infancia) compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2

O currículo do Nivel Intermedio das Ensinanzas de Idiomas de Réxime Especial ten a finalidade de dar resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual, plurilingüe e pluricultural.

O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no Marco Europeo Común de Referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECRL) e na Lei Orgánica de Educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio de 2006), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. O Nivel Intermedio das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia B1 e B2 do MECRL: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque orientado á acción polo que se pronuncia o MECRL.

En definitiva, a actividade do aprendiz é o factor máis importante para que a aprendizaxe se produza, polo que, en último termo, o éxito ou o fracaso das aprendizaxes recaen sobre a persoa que aprende. Non obstante, a aprendizaxe dáse con maior facilidade cando o proceso de ensino do profesorado crea as condicións adecuadas para que esta se produza. Por iso, o ensinante debe propor tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas que estimulen o interese na utilización da lingua dentro e fóra da aula e a sensibilidade cara ás culturas asociadas ao idioma. O deseño axeitado das tarefas será esencial, pois tamén deben contribuír a fomentar a confianza en si mesmos, a motivación para aprender e a capacidade para planificaren, autoavaliaren e aprenderen de xeito autónomo e independente. Estas tarefas serán deseñadas a partir dos criterios de avaliación, que indican o grao de dominio lingüístico que os estudantes deben acadar, e serán esencialmente comunicativas, para lles ofrecer a oportunidade de utilizar o idioma tal e como o farían en situacións reais de comunicación; de aí a importancia de que os materiais empregados nas devanditas tarefas sexan preferentemente auténticos, de xeito que o alumnado perciba a lingua no seu contexto real, como instrumento de comunicación. Para levar a cabo eficazmente as tarefas correspondentes, as alumnas e alumnos deben ser orientados no uso de estratexias de planificación, execución, control e reparación, así como nunha serie de procedementos discursivos xerais e específicos para cada destreza, e deberánlles proporcionar coñecementos que lles permitan comprender e producir textos axeitados ás necesidades das situacións de comunicación en que participen ou poidan participar.

En canto á avaliación, esta debe ser entendida como un instrumento para verificar e valorar o grao de competencia comunicativa do alumnado, como unha ferramenta que ofrece información e permite reflexionar sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Así, este proceso é susceptible de ser permanentemente revisado, concretado e reinterpretado.

O nivel, tal e como establece o Decreto 81/2018 desenvolverase en 3 cursos, un de B1 e dous de B2 (B2.1 e B2.2).

3.1. DEFINIÇÃO DO NIVEL

INTERMEDIO B1

O alumnado que supere o nivel intermedio B1 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema... O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

INTERMEDIO B2

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións. O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas algunhas expresións idiomáticas de uso común.

3.2 OBXECTIVOS XERAIS

INTERMEDIO B1

-Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

-Producir e coproducir descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

-Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiás, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.

-Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiás ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación, propósito comunicativo) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

-Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiás do seu interese, en lingua estándar.

INTERMEDIO B2

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B2, o alumnado será capaz de:

-Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.

-Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.

-Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en fragmentos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

-Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

-Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

3.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

3.3.1. Intermedio B1

Para o curso de Intermedio B1 empregamos, principalmente, como libro de texto a edición actualizada do método comunicativo de BALÌ, M. E ZIGLIO, L. (2015): *Nuovo Espresso 3, Corso di italiano: Libro dello studente ed esercizi*; Alma Edizioni: Firenze. Partindo das 4 primeiras unidades temáticas das 10 coas que conta este método de ensino da lingua italiana, desenvolveremos os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 191/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio. A estas 4 unidades engádeselles as unidades 9, 6, 7 e 5 de *Nuovo Espresso 2*, xunto a unha unidade introdutoria na que se realizará unha avaliación inicial. Todas as unidades serán completadas tanto con outros materiais doutros métodos comunicativos como con materiais auténticos.

Os obxectivos e contidos do intermedio B1 desenvolveranse partindo das 8 unidades didácticas que aparecen desenvolvidas máis adiante nas táboas da secuenciación. A distribución é flexíbel e pode sufrir modificacións para axustarse ao andamento escolar.

Ao se tratar de ensino presencial, a aula virtual será un recurso máis para o alumnado que non puido asistir e/ou quere repasar ou ampliar o impartido na clase. Ademais, trátase dun enlace a

maiores co profesorado titor e os compañeiros e compañeiras da clase. Pódese empregar para facilitar o traballo colaborativo fóra da escola.

O ano académico 2024-2025 o curso escolar divídese en dous cuadrimestres.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria da aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos os estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

B1 - 1º cuadrimestre - Unidade 00: *Ricominciamo?*

Obxectivos específicos por destrezas

CTO	Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números e comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves.
PCTO	Manter un diálogo utilizando un vocabulario básico e dando información básica, usando adecuadamente as quendas de palabra, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as frases para facerse comprender. Manter un monólogo (cun rexistro estándar cunha pronuncia intelixible) cun grao suficiente de coherencia e cohesión.
CTE	Localizar e comprender información específica nun texto sobre viaxes e os gustos sobre as vacacións. Identificar as formas lingüísticas que vehiculan a intención de comunicación do remitente, comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, propias do tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado.
PCTE	Redactar textos sinxelos e breves sobre acontecementos, plans e proxectos usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir.
MED	Transmitirlle oralmente ou por escrito a terceiras persoas a información relativa a viaxes e actividades de lecer, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

Competencias e contidos

Socioculturais e sociolingüísticos: Non hai.

Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel B.

Funcionais: Non hai.

Discursivos. Orais: Conversas informais, enquisas, presentacións, audiovisuais (curtametraxes e vídeos) e cancións. Escritos: Anuncios publicitarios. Formularios.

<p>Cartas (correspondencia informal). Sintácticos: Repaso dos contidos do nivel A2. Léxicos: Repaso do léxico do nivel A2. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Repaso do nivel A2.</p>	
Actividades	
Actividades de avaliación inicial.	
Criterios de avaliación	
CTO	Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.
PTO	Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.
CTE	Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.
PTE	Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos. Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.
MED	Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos. Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para tela dispoñible.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de comprender e seguir razoablemente, aínda que perda información, a trama de textos audiovisuais narrativos, nunha lingua sinxela e estándar e con soporte visual.

PTO	É quen de iniciar, manter e finalizar unha conversa sobre temas cotiáns utilizando fórmulas simples. É quen de participar nunha entrevista cun patrón estruturado con preguntas establecidas.	
CTE	É capaz de comprender suficientemente textos narrativos que non sexan difíciles para o seu nivel e coa axuda do dicionario.	
PTE	É quen de encher formularios que lle demanden información propia e lle requiran unha explicación ou aclaración. É quen de intercambiar información en situacións habituais e sobre asuntos cotiáns de xeito simple.	
MED	É capaz de favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos. É quen de tomar notas coa información que considere importante, e trasladarlla ou solicitarlla ás persoas destinatarias.	
	Temporalización	Materiais
	Mes de setembro 3 sesións aprox.	Textos audiovisuais, textos escritos, actividades para o encerado dixital, fotografías, materias do banco de materias do departamento, xogos e cancións.

B1 - 1º cuadrimestre - Unidade 01: <i>Colpo di fulmine</i> (Relacións persoais)	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual. Comprender a liña xeral de curtametraxes nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.
PCTO	Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos. Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.
CTE	Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal. Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado.
PCTE	Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real.

MED	Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal.
-----	--

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: -Relacións persoais: estrutura e relacións sociais.
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel B.
- Funcionais: -Presentarse e presentar a outras persoas. Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas. Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo. Relatar accións e circunstancias pasadas. Dar e pedir información sobre sucesos pasados. Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida. Expresar gustos, afeccións, teimas etc.
- Discursivos. Oraís: conversas informais, enquisas, presentacións, audiovisuais (curtametraxes e vídeos) e cancións. Escritos: textos literarios (relatos breves), textos xornalísticos sobre relacións persoais, formularios.
- Sintácticos: Conxuncións coordinantes máis usuais. Correlación temporal nas oracións: o pasado próximo (repaso), o pasado próximo cos verbos modais, o imperfecto indicativo (repaso), conxuncións (mentre, durante, finalmente, all'inizio, alla fine, quindi, però, quando, allora, perché e siccome), stare per + infinitivo.
- Léxicos: Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións. Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: O recoñecemento e uso das formas ortográficas.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Actividades de comprensión nos que se utilicen as estruturas sintácticas da unidade.
- Presentacións de persoas a partir de fotografías.
- Entrevistas e presentacións dun/dunha compañeiro/a.
- Actividades de expresión oral para usar os contidos da unidade.
- Actividade de mediación: contar o que acontece nunhas viñetas.
- Actividades de comprensión escrita.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal. Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (curtametraxes) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.
PCTO	Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir. Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples. Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción. Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.
CTE	Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.
PCTE	Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos. Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración. Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples. Utiliza, de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.
MED	Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos. Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládala ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para tela dispoñible.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	habituais, se se dan opinións, se se fala de experiencias persoais, con pronuncia clara, a velocidade normal e sen modismos ou expresións pouco frecuentes. É quen de comprender e seguir razoablemente, aínda que perda información, a trama de textos audiovisuais narrativos, nunha lingua sinxela e estándar e con soporte visual.
PCTO	É quen de iniciar, manter e finalizar unha conversa sobre temas cotiáns utilizando fórmulas simples. É capaz de utilizar un repertorio lingüístico sinxelo cunha fluidez limitada, facendo pausas cando o precisa.

	<p>É capaz de opinar de xeito simple e amosar acordo e desacordo sobre temas do seu interese.</p> <p>É quen de arranxarse nas xestións máis comúns e cotiás se as súas persoas interlocutoras falan con claridade e en lingua estándar.</p> <p>É capaz de solicitar e intercambiar información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos do seu interese e sobre asuntos familiares, cun repertorio léxico suficiente para o nivel.</p> <p>É capaz de pronunciar e entoar de xeito intelixible, cun evidente acento estranxeiro e cometendo erros de pronuncia que non interrompan a comunicación.</p>
CTE	<p>É quen de comprender e localizar a información relevante en textos do seu interese.</p> <p>É capaz de seguir instrucións con soporte visual que lle permitan usar un aparello.</p> <p>É quen de comprender léxico escrito de uso frecuente sobre temas cotiáns e deducir do contexto e do cotexto os significados dalgúns termos e expresións descoñecidas.</p>
PCTE	<p>É quen de redactar notas simples e breves, con posibles incoherencias, solicitando, dando información e expresando opinións ou desexos.</p> <p>É quen de intercambiar información en situacións habituais e sobre asuntos cotiáns de xeito simple.</p> <p>É quen de empregar adecuadamente para que o texto sexa bastante comprensible, os signos de puntuación principais, as regras ortográficas básicas e as convencións formais máis habituais en textos de soporte papel e dixital.</p>
MED	<p>É capaz de favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.</p> <p>É quen de facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomodarse ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.</p> <p>É quen de tomar notas coa información que considere importante, e trasladarlla ou solicitarlla ás persoas destinatarias.</p>
Temporalización	Materiais
Meses de marzo a abril 8 sesións aprox.	Libro de texto (Unidade 3 de Nuovo Espresso 3), fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, xogos, exercicios para o encerado dixital, material do banco de materiais do departamento e da aula virtual do nivel e cancións.

B1 - 2º cuadrimestre - Unidade 07: *Parole, parole, parole* (Comunicazione)

Obxectivos específicos por destrezas

CTO	Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas sobre os medios de comunicación e as tecnoloxías da comunicación (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.
PCTO	Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos, sobre o uso dos medios de comunicación.
CTE	Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese sobre os contidos lexicais da unidade. Comprender noticias e artigos xornalísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese: o uso dos medios de comunicación e as tecnoloxías da comunicación.
PCTE	Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos sobre os contidos lexicais da unidade.
MED	Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional (as tecnoloxías da comunicación e os medios de comunicación).

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: A xestificación
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel B.
- Funcionais: Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación: ofrecer axuda e dispoñibilidade. Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión. Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Dar e pedir información con distintos graos de seguridade: dar unha explicación, facer comparacións. Pedir, tomar e ceder a palabra: iniciar unha conversa telefónica. -Reaccionar e cooperar na interacción: preguntar por unha persoa, sinalar un erro. Enunciar o peche do discurso e pechalo. Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan: expresarse de xeito adecuado ao medio de comunicación.
- Discursivos. Textos orais: cancións, conversas formais e informais, debates e discusións formais. Textos escritos: textos xornalísticos.
- Sintácticos: O discurso referido: o estilo directo e o estilo indirecto.
- Léxicos: Ciencia e tecnoloxía: tecnoloxías da comunicación (teléfono, correo electrónico, internet). Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio. A xestualidade italiana.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: apócope.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Expresión oral: a comunicación e os medios de comunicación (tipos, usos, modos de comunicar e dependencia dos móbiles e de internet).
- Comprensión escrita: aprender italiano en facebook.
- Actividade de comprensión oral: o uso do móbil. Léxico para falar das novas tecnoloxías e expresión oral para falar sobre o uso das novas tecnoloxías. Expresión oral: diálogos para pórse de acordo sobre a escolla dun obxecto.
- Comprensión oral: chamadas telefónicas e expresións para presentarse, preguntar por unha persoa, preguntar quen chama, responder que a persoa non está dispoñible, responder que se transmitirá a mensaxe. O discurso directo e indirecto. Actividades de expresión escrita e de expresión oral para practicar o discurso indirecto.
- Comprensión oral: vídeo sobre a xestualidade. Principais xestos para comunicar en Italia. Actividade para practicar a xestualidade.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	<p>Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais sobre os medios de comunicación, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal. Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados con asuntos públicos (os medios de comunicación), sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada. Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos (os medios de comunicación), aínda que non se comprendan algunhas opinións. Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.</p>
PCTO	<p>Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal (o uso dos medios de comunicación), ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir. Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles. Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción. Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p>
CTE	<p>Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso xornalístico, sempre que estea relacionado co seu interese, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.</p>

	Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a temas xerais (os medios de comunicación) e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.
PCTE	Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos. Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos. -Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns (os medios de comunicación) ou de interese persoal utilizando fórmulas simples. Toma notas concisas en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido (os medios de comunicación) e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade. Utiliza, de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.
MED	Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos. -Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído. Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solícitaa con anterioridade para tela dispoñible. Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de comprender de xeito razoable o que se fala respecto dos temas máis habituais, se se dan opinións, se se fala de experiencias persoais, con pronuncia clara, a velocidade normal e sen modismos ou expresións pouco frecuentes. É quen de identificar, nunha conversa clara e ben estruturada, parte do contido de conversas nas que se aborden temas do seu interese. É quen de comprender e seguir as ideas principais e algúns detalles en textos audiovisuais de carácter informativo, articulados lentamente e claramente sobre temas coñecidos, sen comprender algunhas opinións. É quen de comprender e identificar palabras e ideas clave proporcionadas polo texto e as imaxes que o illustren, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico, dos coñecementos do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.
PCTO	É quen de iniciar, manter e finalizar unha conversa sobre temas cotiáns utilizando fórmulas simples. É capaz de utilizar un repertorio lingüístico sinxelo cunha fluidez limitada, facendo pausas cando o precisa. É capaz de interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolver situacións comunicativas previsibles. É quen de participar nunha entrevista cun patrón estruturado con preguntas establecidas. É capaz de pronunciar e entoar de xeito intelixible, cun evidente acento estranxeiro e cometendo erros de pronuncia que non interrompan a comunicación.

CTE	<p>É quen de identificar e seleccionar información relevante, nun texto extenso que estea relacionado cos seus intereses, para preparar unha exposición.</p> <p>É quen de comprender léxico escrito de uso frecuente sobre temas cotiáns e deducir do contexto e do cotexto os significados dalgúns termos e expresións descoñecidas.</p>
PCTE	<p>É quen de redactar notas simples e breves, con posibles incoherencias, solicitando, dando información e expresando opinións ou desexos</p> <p>É quen de redactar documentos moi breves, sinxelos, en formato convencional, con información persoal ou do seu interese, ofrecendo a súa opinión sobre feitos concretos.</p> <p>É quen de intercambiar información en situacións habituais e sobre asuntos cotiáns de xeito simple.</p> <p>É quen de tomar notas breves en lingua estándar, sobre un tema coñecido a partir dun discurso sinxelo e claro.</p> <p>É quen de empregar adecuadamente para que o texto sexa bastante comprensible, os signos de puntuación principais, as regras ortográficas básicas e as convencións formais máis habituais en textos de soporte papel e dixital.</p>
MED	<p>É capaz de favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.</p> <p>É quen de facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomodarse ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.</p> <p>É quen de tomar notas coa información que considere importante, e trasladarlla ou solicitarlla ás persoas destinatarias.</p> <p>É quen de reelaborar por escrito a información básica que necesite e transmitir a mensaxe con suficiente claridade e eficacia.</p>
Temporalización	Materiais
Meses de abril e maio 8 sesións aprox.	Libro de texto (Unidade 4 de Nuovo Espresso 4), fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, xogos, exercicios para o encerado dixital, materiais do banco de materiais do departamento e cancións.

3.3.2. Intermedio B2.1

Para o curso de Intermedio B2.1 empregamos 4 unidades do método comunicativo de BALÌ, M. E ZIGLIO, L. (2015): *Nuovo Espresso 3, Corso di italiano: Libro dello studente ed esercizi*; Alma Edizioni: Firenze e 4 unidades temáticas do volume BALÌ, M. E ZIGLIO, L. (2015): *Nuovo Espresso 4, Corso di italiano: Libro dello studente ed esercizi*; Alma Edizioni: Firenze.

Desenvolveremos os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 191/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio. Estas 6 unidades temáticas, serán completadas tanto con outros materiais doutros métodos comunicativos como con materiais auténticos.

Os obxectivos e contidos do intermedio B2.1 desenvolveranse partindo das 6 unidades didácticas que aparecen indicadas máis adiante nas táboas da secuenciación. A distribución é flexíbel e pode sufrir modificacións para axustarse ao andamento escolar.

Primeiro cuadrimestre:

Unidade 1: La famiglia cambia faccia (U. 5 de *Nuovo Espresso 3*)

Unidade 2: Feste e regali (U. 7 de *Nuovo Espresso 3*)

Unidade 3: Italia da scoprire (U. 9 de *Nuovo Espresso 3*)

Segundo cuadrimestre:

Unidade 4: L'italiano oggi (U. 10 de *Nuovo Espresso 3*)

Unidade 5: Scuola e dintorni (U. 1 de *Nuovo Espresso 4*)

Unidade 6: Cibo, che passione! (U. 2 de *Nuovo Espresso 4*)

Ao se tratar de ensino presencial, a aula virtual será un recurso máis para o alumnado que non puido asistir e/ou quere repasar ou ampliar o impartido na clase. Ademais, trátase dun enlace a maiores co profesorado titor e os compañeiros e compañeiras da clase. Pódese empregar para facilitar o traballo colaborativo fóra da escola.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria da aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos os estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.

- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

B2.1 - 1º cuadrimestre - Unidade 01: *La famiglia cambia faccia*

Obxectivos específicos por destrezas

CO	Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación. Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.
PO	Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos. Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
CE	Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación. Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
PE	Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
MED	Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: As relacións familiares.
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel (Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo. Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...). Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...). Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. Relacionar a información nova con coñecementos previos. Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas. Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc. Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo. Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...). Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...). Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento previo e experiencias. Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos. Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu. Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.]
- Funcionais: -Reaccionar e cooperar na interacción: argumentar, confirmar e pedir confirmación, motivar. -Introducir un tema en situacións formais e informais: introducir un novo argumento cunha pregunta
- Discursivos. Textos orais: conversas formais e informais, debates formais e informais, audiovisuais, cancións. Textos escritos: textos xornalísticos (reportaxes e noticias), instrucións.
- Sintácticos: -Os adxectivos posesivos. -Impersonalidade. -Os conectivos sebbene, nonostante, malgrado e benché con subxuntivo. -A comparación.
- Léxicos: -Relacións humanas e sociais: a familia. Os labores domésticos.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: A estrutura silábica. Sons palatais.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Describir fotos de familias.
- Relacionar textos xornalísticos con imaxes.
- Comprender os detalles de conversas sobre familias e experiencias persoais.
- Exercicios orais para practicar conectivos.
- Xogos para practicar a relación de concesividade.
- Comentar frases e citas relacionadas coa familia.
- Xogo sobre os labores domésticos.
- Tomar notas e transmitir información presente en vídeos sobre organización doméstica.
- Comentar unha estatística.
- Resumir e recomendar películas ou libros.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.
PO	Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible. Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións. Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.

CE	Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.
PE	Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p.e. parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.
MED	Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as - sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CO	Será capaz de entender textos de extensión media, de boa calidade acústica, ben organizados e claros.
PO	Será quen de iniciar, manter e rematar unha conversa sobre un tema de interese persoal. E capaz de utilizar un repertorio lingüístico sinxelo pero suficiente para expresar as súas opinións e argumentar. Será quen, usando unha lingua estándar, un rexistro formal, de xeito sinxelo e brevemente, de expresar puntos de vista e razoamentos. Será capaz de intercambiar información sobre asuntos cotiáns do seu interese con fórmulas simples.
CE	Será capaz de seguir as instrucións en textos normativos e con vocabulario específico.
PE	Será quen de empregar con razoable corrección os patróns ortotipográficos e as convencións formais máis habituais de redacción de textos.

MED	Será capaz de transmitir oralmente e suficientemente a información e as intencións das persoas falantes en lingua estándar e organizadamente.	
	Temporalización	Materiais
	Setembro - outubro 8/9 sesións	A presente unidade, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

B2.1 - 1º cuadrimestre - Unidade 02: <i>Feste e regali</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos. Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar. Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

PO	<p>Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.</p> <p>Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.</p>
CE	<p>Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.</p> <p>Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).</p>
PE	<p>Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.</p> <p>Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.</p>
MED	<p>Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.</p>
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: -Festas tradicionais en Italia. -Elementos asociados ás distintas festas. ● Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. ● Funcionais: -Indicar a falta de desexo de facer algo.-Dar consellos e facer hipóteses. ● Discursivos. Orais:-Debates e discusións informais.-Entrevistas aos compañeiros. Escritos: Correspondencia. ● Sintácticos: -O adverbio mica.-O condicional pasado.-O periodo hipotético. ● Léxicos: -Contidos léxicais relacionados coas festas e as costumes correspondentes. ● Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Erros ortográficos frecuentes (1). Sons nasais. 	

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Actividades de mediación mediante a asociación de imaxes e conceptos relacionados coa tradición italiana no que se refire as festas.
- Actividades de comprensión escrita a partir dun ou de varios textos sobre os regalos.
- Actividades de produción oral a través de entrevistas e intercambios de opinión sobre o tema da unidade.
- Actividades de produción escrita e interacción escrita sobre o tema das festas.
- Exposición dun traballo sobre algunha festa italiana.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	<p>Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de condutor.</p> <p>Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.</p>
PO	<p>Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.</p> <p>É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.</p>

CE	Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.
PE	<p>Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.</p> <p>Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel.</p> <p>É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.</p>
MED	Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas destinatarias.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CO	<p>Será capaz de comprender exposicións de certa complexidade do seu interese, resultándolle difícil comprender todo se non están ben organizadas.</p> <p>Será capaz de comprender textos de extensión media, de boa calidade acústica, ben organizados e claros.</p>
PO	Será quen de facer breves presentacións preparadas previamente sobre temas do seu interese, en lingua estándar, claras e estruturadas. Será quen de reelaborar, e sintetizar oralmente a información de diversas fontes.
CE	Será quen de comprender o esencial e algúns detalles en interaccións escritas nas que se fagan reclamacións, queixas ou peticións, sobre temas que lle resulten próximos

PE	Será quen de escribir correspondencia breve e sinxela expresando sentimentos, desexos e reaccións de xeito axeitado á situación. Será quen de escribir pequenas recensións usando vocabulario específico do nivel. Será quen de reelaborar, e sintetizar por escrito a información de diversas fontes.	
MED	Será quen de simplificar a información para que as persoas receptoras a entendan	
	Temporalización	Materiais
	Outubro - novembro (8/9 sesións)	A presente unidade, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

B2.1 - 1º cuadrimestre - Unidade 03: <i>Italia da scoprire</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CO	Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con certas limitacións para captar a ironía e o humor. Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.

PO	<p>Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.</p> <p>Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.</p> <p>Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...</p>
CE	Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
PE	Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p.e. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
MED	Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
Competencias e contidos	

- Socioculturais e sociolingüísticos: -A vida cotiá, os servizos públicos, viaxes e entretemento.
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel.
- Funcionais: -Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes. -Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico ou dunha información turística.
- Discursivos. Oraís: -Presentacións, cancións, reportaxes xornalísticas. Escritos: voces de enciclopedia e folletos turísticos.
- Sintácticos: -Uso do imperativo afirmativo e negativo. Expresión da finalidade.
- Léxicos: -Xeografía de Italia, rexións, capitais de provincia, mares, montañas... e lugares de referencia. -Consellos de viaxe. -Actividades artísticas: escultura, pintura, arquitectura. -Actividades económicas e comerciais: produtos marca Italia. -Personaxes famosos da política e da sociedade.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: A adecuación da entoación ás intencións comunicativas. -Siglas e abreviaturas de uso frecuente. Sons palatais (2).

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Actividade de mediación eliminando información superflua dun texto escrito para presentalo oralmente á clase e de observación e descrición de fotografías de paisaxes.
- Actividades de CTE dun texto descritivo.
- Actividades de CTO partindo dunha escoita sobre distintas rexións de produción do aceite de oliva en Italia e sobre o FAI (Fondo Ambiente Italiano).
- Actividades de PTO onde o alumando falará de lugares xa visitados e outros por descubrir.
- Actividades de PTE sobre famosos italianos e outros e interacción escrita sobre o tema dos luoghi del cuore .
- Exposición sobre unha rexión italiana.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.
PO	Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora. Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.
CE	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.
PE	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.
MED	Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as - sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CO	Será capaz de comprender conversas en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas. É capaz de seguir as argumentacións.
PO	Será quen de realizar transaccións cotiás, expresando agrado ou desagrado ou explicando un problema. Será quen de contar ou describir temas do seu interese en lingua estándar.

CE	Será quen de distinguir o ton e o carácter do texto, interpretando o que le con precisión.	
PE	Será capaz de resumir a información doutros textos de xeito simple.	
MED	Será capaz de transmitir oralmente e suficientemente a información e as intencións das persoas falantes en lingua estándar e organizadamente.	
	Temporalización	Materiais
	Decembro – xaneiro 8/9 sesións	A presente unidade, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

B2.1 - 2º cuadrimestre - Unidade 04: <i>L'italiano oggi</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CO	Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.

PO	Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
CE	Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
PE	Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
MED	Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: -Identificación das convencións sociais e recoñecemento de usos e costumes da cultura estudada en contraste coa propia (<i>parolacce</i>). ● Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. ● Funcionais: -Comprender a información xeral e específica discriminando os datos relevantes. Interpretar a información presentadas nas diferentes actividades.-Solicitar e ofrecer información para pedir e ofrecer consellos e recomendacións. Iniciar, manter e pechar o discurso.- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.-Expresar dúbidas e discutir sobre a información recibida.-Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado. ● Discursivos. Orais: conversas formais e informais, audiovisuais. Escritos: Anuncios publicitarios, tests. ● Sintácticos: -Construcións coas formas non conxugadas do verbo (xerundio e Infinitivo). -Algunhas expresións derivadas de adverbios.- Repaso da voz pasiva. ● Léxicos: -Tempo libre e actualidade, identificación persoal, educación, tecnoloxías da información e da comunicación. ● Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Sons oclusivos. Erros ortográficos frecuentes (2). 	

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Actividades de CTE sobre os erros gramaticais frecuentes en falantes nativos e dunha lingua estranxeira.
- Actividades de PO sobre este tema.
- Exercitación oral e escrita dos aspectos gramaticais repasados nesta unidade.
- Actividades de mediación sobre os usos lingüísticos partindo das lecturas ofrecidas polo manual e outro material visionado na aula.
- Actividades de comprensión escrita e produción oral sobre os rexistros da lingua e o uso de parolacce en italiano.
- Actividade de produción e interacción escrita sobre a superación de dificultades na aprendizaxe de linguas estranxeiras.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles. Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...
PO	Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.
CE	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.

PE	Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.
MED	Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CO	Será capaz de comprender conversas en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas. É capaz de seguir as argumentacións. Será capaz de comprender textos con informacións precisas, aínda que as condicións acústicas non sexan excelentes.
PO	Será quen de pronunciar e entoar, con acento estranxeiro, de xeito claro e natural.
CE	Será quen de distinguir o ton e o carácter do texto, interpretando o que le con precisión.
PE	Será capaz de tomar notas e redactar informes breves e sinxelos, informando sobre os feitos e desenvolvendo os aspectos negativos e positivos.
MED	Será quen de adaptar documentos claros e en lingua estándar de medios de comunicación.
Temporalización	Materiais

Xaneiro-febreiro 9/10 sesións	A presente unidade, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...
----------------------------------	--

B2.1 - 2º cuadrimestre - Unidade 05: <i>Scuola e dintorni</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CO	Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación. Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
PO	Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...
CE	Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
PE	Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

MED

Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: -Educación en Italia.-Recordos da infancia relacionados coa escola.
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel.
- Funcionais: -Expresar o propio acordo ou desacordo.-Lamentarse.-Admitir algo.-Mostrar estupor ou incredulidade.-Criticar unha opinión ou unha afirmación.
- Discursivos. Orais:-Debates e discusións informais. Escritos: -Informes, resumos e esquemas.
- Sintácticos: -Uso do auxiliar no pasado proximo.-Verbos con dobre auxiliar.-Os verbos pronominais cavarsela e entrarci.-Pronomes relativos dobres.-Recoñecemento do pasado remoto.
- Léxicos: -A escola. Diversos tipos de traballos que se realizaban na escola. -Escola tradicional ou homeschooling.-Escolas no mundo. Sistema escolástico en Italia.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Repaso de fonemas que presentan maior dificultade. A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Actividades de mediación mediante a asociación de imaxes e conceptos relacionados cos diversos tipos de educación no mundo.
- Actividades de comprensión escrita a partir dun texto literario sobre as lembranzas escolares do protagonista e a descrición dun profesor.
- Actividades de comprensión oral sobre a educación.
- Actividades de produción oral a través de fotos para relatar os recordos da escola e cun test sobre as características que debe ter un bo profesor.
- Actividades de produción escrita e interacción escrita sobre o tema da educación e a escola.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.
PO	Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.
CE	Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.

PE	<p>Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.</p> <p>É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.</p>		
MED	<p>É quen de organizar adecuadamente a información e transmitila con claridade e eficacia.</p>		
<p>Mínimos esixibles: descri tores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel</p>			
CO	<p>Será capaz de comprender exposicións de certa complexidade do seu interese, resultándolle difícil comprender todo se non están ben organizadas.</p>		
PO	<p>Será capaz de expresar o que quere dicir con suficiente claridade mediante recursos lingüísticos abondo adecuados</p>		
CE	<p>Será quen de identificar a intención de textos sobre acordos, comprender o seu vocabulario e de reaccionar.</p>		
PE	<p>Será quen de escribir textos narrativos e descritivos coherentes, estruturados e de xeito sinxelo.</p> <p>Será quen de reelaborar, e sintetizar por escrito a información de diversas fontes.</p>		
MED	<p>Será quen de organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.</p>		
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 30%; text-align: center;">Temporalización</td> <td style="text-align: center;">Materiais</td> </tr> </table>		Temporalización	Materiais
Temporalización	Materiais		

Febreiro-marzo (8/9 sesións)	A presente unidade, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...
---------------------------------	--

B2.1 - 2º cuadrimestre - Unidade 06: Cibo, che passione!	
Obxectivos específicos por destrezas	
CO	Comprender textos relativamente complexos sobre alimentación e cociña, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos. Comprender conversas informais sobre alimentación e cociña.
PO	Interactuar espontaneamente en conversas informais sobre temas de alimentación e cociña. Pedir información complementaria ou aclaracións sobre a preparación dunha receita.
CE	Comprender receitas de cociña e artigos relacionados coa alimentación e a cociña.
PE	Tomar notas sobre a preparación dun prato para despois redactar a receita. Describir de xeito preciso e bastante detallado un prato. Escribir unha receita e a propia opinión sobre alimentación nun blog sobre gastronomía.

MED

Sintetizar e transmitir información oral ou escrita atendendo ao nivel requerido.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: Novas tendencias na alimentación. A cociña italiana.
- Estratéxicos: Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Funcionais: Falar da relación persoal coa comida. Falar dos propios gustos en relación coa comida e coa alimentación. Expresar preferencia. Describir un prato. Describir a preparación de unha receita de maneira clara.
- Discursivos. Receitas. Artigos xornalísticos e de opinión. Entrevistas.
- Sintácticos: Os indefinidos. Repaso e ampliación. O futuro anterior. O Subxuntivo cos indefinidos. A dislocazione a sinistra. A voz Pasiva.
- Léxicos: A cociña italiana: receitas e utensilios de cociña. A alimentación e maneiras de comer, dieta e nutrición.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Abreviaturas e siglas.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO: escoita de audios(noticias, opinións, entrevistas..) e resposta a preguntas do texto.
- CTE: lectura de textos sobre alimentación, cociña, receitas ou especialidades.cribir títulos e noticias breves; escribir comentarios opinando sobre o emprego das novas tecnoloxías.
- PTO: breve exposición sobre as novas tendencias na alimentación e sucesivo debate, explicar como se prepara un prato.
- Mediación de textos orais : escoller e contar consellos sobre técnicas culinarias, tomar notas sobre a elaboración dunha receita.
- Mediación de textos escritos: explicar e resumir textos sobre alimentación e tipos de restaurantes.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende o que se di en conversacións sobre cociña e alimentación en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións. Comprende a información principal e de detalle en programas televisivos e de radio que falen de gastronomía, cociña e alimentación.
PO	Inicia, mantén e remata de forma cooperativa en conversas sobre temas de cociña e alimentación, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinión argumentándoas se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.
CE	Comprende o contido principal de artigos sobre cociña e alimentación. Segue as fases detalladas de preparación dos pratos en receitas de cociña aínda que presenten vocabulario específico.
PE	Toma notas e redacta unha receita de maneira detallada e en formato convencional. Redacta transmitindo información de maneira clara e articulada sobre alimentación e cociña desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra e utilizando vocabulario específico do nivel..
MED	Organiza adecuadamente a información sobre cociña ou alimentación que pretende transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CO	Será quen de comprender conversas sobre alimentación e cociña en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas.
PO	Será quen de iniciar, manter e rematar unha conversa sobre alimentación e cociña.
CE	Será quen de comprender o contido principal de artigos sobre cociña e alimentación.

PE	Será quen de producir un texto adecuado á situación lingüística requerida.	
MED	Será quen de organizar adecuadamente a información sobre cociña e alimentación e transmitila con claridade e eficacia.	
	Temporalización	Materiais
	Abril - maio 10/11 sesións	A presente unidade, materiais didácticos de elaboración propia compartidos na aula virtual, exercicios procedentes doutros métodos didácticos e recursos dixitais, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento e de erasmus +, cancións, escenas de películas...

3.3.3. Intermedio B2.2

Para o curso de Intermedio B2.2 empregárase, principalmente, como libro de texto a edición actualizada do método comunicativo *Nuovo Espresso 4 para as primeiras 5 unidades* (unidades 3, 4, 5, 7, 8 do libro de texto) e material preparado pola profesora para a sexta e última unidade do curso, que se completará con material do banco de materiais do departamento.

Os obxectivos e contidos do intermedio B2.2 desenvolveranse partindo das 6 unidades didácticas que aparecen indicadas máis adiante nas táboas da secuenciación. A distribución é flexíbel e pode sufrir modificacións para axustarse ao andamento escolar.

Primeiro cuadrimestre:

Unidade 1: E tu, come fai a saperlo? (U. 3 de *Nuovo Espresso 4*)

Unidade 2: Il mondo del lavoro (U. 4 de *Nuovo Espresso 4*)

Unidade 3: Che emozione! (U. 5 de *Nuovo Espresso 4*)

Segundo cuadrimestre:

Unidade 4: In giro per musei (U. 7 de *Nuovo Espresso 4*)

Unidade 5: L'Italia sostenibile (U. 8 de *Nuovo Espresso 4*)

Unidade 6: Casa e dintorni (materiale fornito dall'insegnate)

Ao se tratar de ensino presencial, a aula virtual será un recurso máis para o alumnado que non puido asistir e/ou quere repasar ou ampliar o impartido na clase. Ademais, trátase dun enlace a maiores co profesorado titor e os compañeiros e compañeiras da clase. Pódese empregar para facilitar o traballo colaborativo fóra da escola.

O ano académico 2024-2025 o curso escolar divídese en dous cuadrimestres.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria da aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos os estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.

- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

B2.2 - 1º cuatrimestre - Unidade 1: *E tu, come fai a saperlo?*

Obxectivos específicos por destrezas

CO	Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
PO	Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos. Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
CE	Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación. Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
PE	Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
MED	Sintetizar e transmitir información oral ou escrita atendendo ao nivel requerido.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e diferenzas entre a lingua xornalística galega/española/italiana. Coñecer os medios de comunicación máis difundidos en Italia. A información na era dixital.
- Estratéxicos: Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo. Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua. Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Funcionais: Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado. Referir o contido dunha información xornalística
- Discursivos. Enquisas. Audiovisuais: programas de lecer, telexornais e documentais. Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas. Informes, resumos e esquemas.
- Sintácticos: O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto. O uso de conectores propios do nivel (non perché +congiuntivo). Correlación temporal nas oracións (condicional para referir unha noticia pouco certa). As conxuncións adversativas: nonostante, sebbene, benché, anche

- se.
- Léxicos: Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet e as novas tecnoloxías.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: O uso especial de maiúsculas e minúsculas. As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO: escoita de audios(noticias, opinións, entrevistas..) e resposta a preguntas do texto.
- CTE: lectura de textos sobre os medios de información, sobre as noticias falsas e sobre a dependencia das novas tecnoloxías.
- PTE: escribir títulos e noticias breves; escribir comentarios .
- PTO: opinar sobre o emprego das novas tecnoloxías.
- Mediación de textos orais : contar a noticia máis destacada do día da semana, escoller e contar consellos sobre o uso das novas tecnoloxías da información e sobre o emprego de internet; describir viñetas realizando a transformación ao discurso indirecto; resumir noticias.
- Mediación de textos escritos: explicar e resumir textos sobre os medios de comunicación italianos e sobre o seu uso por parte dos italianos.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, noticias Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.
PO	Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.
CE	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.
PE	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.
MED	Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CO	Será quen de comprender: unha entrevista en lingua estandar.
PO	Será quen de referir as información máis destacables dunha noticia.
CE	Será quen de comprender unha noticia de prensa escrita.
PE	Será quen de: producir un texto adecuado á situación lingüística requerida.
MED	Será quen de explicarlle á /ao compañeira/o unha nova escoitada ou lida.
Temporalización	Materiais
Setembro - outubro 9/10 sesións	Unidade 3 do manual Nuovo Espresso 4, fotocopias, material dixital subido á plataforma educativa Moodle e cancións.

B2.2 - 1º cuadrimestre - Unidade 2: <i>Il mondo del lavoro.</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CO	Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.
PO	Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos: o traballo. Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional.

CE	Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional. Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
PE	Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
MED	Sintetizar e transmitir información oral ou escrita atendendo ao nivel requerido.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: Busca de ofertas de emprego na sociedade dixital. Como actuar nunha entrevista de traballo.
- Estratéxicos: Organizar o material de aprendizaxe cos **instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...)**. Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Funcionais: Construír argumentos razoados. -Comparar e contrastar alternativas. Negociar un acordo. Pedir opinións sobre algo ou alguén. Expresar dúbidas.
- Discursivos. Currículo. Entrevistas de traballo e académicas. Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais. Informes, resumos e esquemas. Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais.
- Sintácticos: Flexión de xénero nas profesións. Posición e concordancia do condicional co subxuntivo. Oración composta. Subordinación de relativo (uso do subxuntivo). O xerundio con función causal e hipotética. Uso de conectores propios do nivel (finalmente, alla fine). A forma de cortesía.
- Léxicos: **Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais...**
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: A adecuación da entoación ás intencións comunicativas. O uso especial de maiúsculas e minúsculas.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO: escoita de audios(noticias, opinións, entrevistas a traballadores...), e responder a preguntas do texto.
- CTE: tarefas de abbinamento, Vero/Falso, rechear ocos con información...
- PTE: escribir o CV, unha carta de presentación, responder a un anuncio ofrecendo os coñecementos e habilidades.
- PTO: debate sobre o mundo laboral para as mulleres, dereitos, obrigas, perdas: o mundo laboral no mundo globalizado; novas profesións (recollida de información e exposición); pequena presentación sobre unha muller traballadora italiana.
- Mediación de textos escritos: explicar e resumir textos sobre o traballo.
- Mediación de textos orais: explicar e resumir textos sobre o traballo.

- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...
PO	Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación. Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.
CE	Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións... , que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.
PE	Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.
MED	Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel

CO	Será quen de comprender: un anuncio laboral nos medios orais.
PO	Será quen de comentar ofertas de traballo atopadas na rede.
CE	Será quen de comprender un anuncio no que esté interesado.
PE	Será quen de pedir consello expoñendo as súas arelas en relación a unha oferta de traballo.

MED	Será quen de comentarlle unha oferta que poida interesar á persoa interlocutora.	
	Temporalización	Materiais
	Outubro - novembro 9/10 sesións	Unidade 4 do manual Nuovo Espresso 4, fotocopias e material dixital subido á plataforma educativa Moodle.

B2.2 - 1º cuadrimestre - Unidade 3: <i>Che emozione!</i>	
Obxectivos específicos por destrezas	
CO	Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
PO	Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
CE	Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).
PE	Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
MED	Sintetizar e transmitir información oral ou escrita atendendo ao nivel requerido.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: Expresar emocións e sabelas recoñecer ; traballar coas emocións; empatía. ● Estratéxicos: Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. -Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...). 	

- Funcionais: Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado. Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situación. Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado. Especular sobre causas e consecuencias. Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...).
- Discursivos. Conversas formais e informais. Cancións. Correspondencia persoal: blogs e chats. Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro, novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas. Biografías.
- Sintácticos: Determinantes. Posesivo posposto. Posesivo propio + impersonalidade. Uso de conectores propios do nivel: nel caso in cui, qualora, come se, senza che + conxuntivo).
- Léxicos: Identificación persoal: valores persoais. Saúde e cuidados físicos: sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas. A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO: escoita e posterior reconstrucción dun texto; representar o tipo de emoción que se describe a compañeira; escoita dunha entrevista e recollida de información, etc.
- CTE: tarefas de V/F, escolla múltipla, unir texto e título, responder a preguntas concretas, etc.
- PTE: escribirlle un texto a un psicólogo falando sobre algún problema de extrés.
- PTO: Falar sobre as emocións, sobre as adiccións e sobre a medicina tradicional e alternativa.
- Mediación de textos orais e escritos.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.
PO	Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.
CE	Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.

PE	Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.	
MED	Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as - sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.	
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel		
CO	Será quen de comprender una entrevista na que se fale de conceptos abstractos coma as emocións.	
PO	Será quen de expresar o estado de ánimo no que se atopa.	
CE	Será quen de comprender: un texto en linguaxe médica, non moi complexo.	
PE	Será quen de elaborar un dicionario emocional (proxeito final grupal) xunto ao resto do grupo.	
MED	Será quen de referille a unha compañeira como se atopa un familiar doente.	
	Temporalización	Materiais
	Decembro – xaneiro 9/10 sesións	Unidade 5 do manual Nuovo Espresso 4, fotocopias e material dixital subido á plataforma educativa Moodle.

B2.2 - 2º cuadrimestre - Unidade 4: *In giro per musei.*

Obxectivos específicos por destrezas	
CO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
PO	Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
CE	Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
PE	Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
MED	Sintetizar e transmitir información oral ou escrita atendendo ao nivel requerido.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: Pór en valor a riqueza que hai nos museos italianos. Situar os museos italianos máis importantes e saber o seu funcionamento (horarios, entradas, visitas, etc.) ● Estratéxicos: Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas. Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos. ● Funcionais: Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos. Redactar textos de ámbito académico. Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc; Discutir sobre a información recibida. ● Discursivos. Instrucións e indicacións. Documentos oficiais: formularios, impresos e instancias. Catálogos. Biografías. ● Sintácticos: Pronomes relativos (che, cui, quale/i, il che, il cui): repaso e ampliación. O infinitivo usado como substantivo (Il bere tanta acqua fa male). A concordancia co verbo principal ao pasado: expresión de anterioridade, contemporaneidade e posterioridade (congiuntivo, trapassato, imperfetto, condizionale passato). As preposicións A e IN. ● Léxicos: Actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas... Falar de gustos persoais e emocións respecto á arte. ● Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: O recoñecemento e uso das formas ortográficas. 	
Actividades	

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO: tarefas de pregunta resposta; V/F; asociar con información precedente, etc..
- CTE: completar con palabras dunha lista; facer unha busca de información para presentar á clase ou para elaborar un texto escrito, etc..
- PTE: redacción sobre actitudes inapropiadas en museos ou outros lugares d'arte; compilar información para realizar unha exposición na clase; etc.
- PTO: falar sobre a arte, exposición sobre un artista italiano, falar sobre unha obra.
- Actividades de mediación de textos orais e escritos.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas.
PO	Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.
CE	Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacions... -Reacciona á vista da información esencial e dos detalles relevantes do texto de que se trate.
PE	Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra
MED	Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel

CO	Será quen de comprender textos en lingua estándar con información relevante para os seus obxectivos
PO	Será quen de comentar en lingua sinxela unha obra de arte moi coñecida.

CE	Será quen de comprender un texto en lingua estándar onde ofrezan información relevante.	
PE	Será quen de elaborar un decálogo coas dez obras máis importantes segundo un criterio propio (coproducción).	
MED	Será quen de comentar a última visita a un museo.	
Temporalización		Materiais
Xaneiro – febreiro 8/9 sesións		Unidade 7 do manual Nuovo Espresso 4, fotocopias e material dixital subido á plataforma educativa Moodle.

B2.2 - 2º cuadrimestre - Unidade 5: ***L'Italia sostenibile.***

Obxectivos específicos por destrezas

CO	Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
PO	Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.
CE	Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
PE	Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
MED	Sintetizar e transmitir información oral ou escrita atendendo ao nivel requerido.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: Como enfrenta Italia a problemática ambiental. Os diversos enfoques diastráticos e diatópicos.
- Estratéxicos: Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo. Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...) **Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto**, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Funcionais: Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. Desenvolverse con soltura nun comercio. Poner condicións para unha acción futura. Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda. Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos. Participar adecuadamente en diferentes tipos de situacións sociais. Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado.
- Discursivos. Textos orais: anuncios publicitarios, debates e discusións formais, enquisas, documentais. Textos escritos: anuncios publicitarios, facturas, receitas de cociña e adiviñas.
- Sintácticos: Os diversos usos do futuro. O aspecto: incoativo, durativo. **-Adverbios: usos e formas máis frecuentes (sempre, ogni tanto, mai, ...)**. Posición e concordancia dos elementos oracionais: a posición dos pronomes con gerundio, participio, infinitivo e imperativo, posición do adxectivo, posición do adverbio. Oración simple: enunciativa, exclamativa, impersonal. Uso de conectores propios do nivel (quindi, benché, nonostante, semmai, ecc.)
- Léxicos: Clima, condicións atmosféricas e ambiente: meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Os fonemas que presentan maior dificultade (sciogliere, b/v). A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO: escoita de audios(noticias, opinións) responder a preguntas do texto, relacionar textos con títulos, etc.
- CTE: baremar afirmación, busca da palabra, completar texto, etc.
- PTE: mandar un correo para participar nunha iniciativa ecosostible, artigo para o xornal Cosa faccio io per il mio pianeta?, decálogo ecosostible para a cidade de Santiago.
- PTO: defensa da mellor proposta ecolóxica para Santiago; diálogo sobre La città del futuro; presentación sobre architettura verde.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...
----	---

PO	Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.
CE	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.
PE	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte -Reelabora información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunícaa de maneira escrita.
MED	Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CO	Será quen de comprender un audio en lingua estándar e da temática da unidade.
PO	Será quen de expor ideas coherentes e adecuadas ao contexto requerido.
CE	Será quen de comprender un texto non moi complexo da temática da unidade.
PE	Será quen de elaborar un informe con léxico apropiado.
MED	Será quen de referir a situación ambiental da súa contorna.
Temporalización	Materiais
Marzo 8 sesións aprox.	Unidade 8 do manual Nuovo Espresso 4, fotocopias e material dixital subido á plataforma educativa Moodle.

B2.2 - 2º cuadrimestre - Unidade 6: *Casa e dintorni*

Obxectivos específicos por destrezas

CO	Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
PO	Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais.
CE	Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.
PE	Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.
MED	Sintetizar e transmitir información oral ou escrita atendendo ao nivel requerido.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: Características e diferentes tipos de vivenda en Italia. organización do territorio; asociacionismo vecinal.
- Estratéxicos: Organizar o material de **aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...)**. Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc. Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Funcionais: Entender e aventurar un diagnóstico simple. Recoñecer o grao de formalidade de diversos textos. Negociar un acordo. Lembrarlle algo a alguén ou advertilo sobre algo. Presentar una queixa ou reclamación
- Discursivos. Textos orais: anuncios publicitarios complexos; debates e discusións formais sobre o tema da vivenda; sondaxes e cuestionarios complexos; audiovisuais. Textos escritos: correspondencia persoal; instrucións; textos xornalísticos informativos e de opinión sobre o tema da vivenda.
- Sintácticos: A posición do adxectivo, o adxectivo cualificativo, os adxectivos superlativos, os superlativos metafóricos e os superlativos irregulares. A formación de palabras: os adxectivos relacionais. A pasiva co verbo andare. Uso da impersonalidade Uso do imperativo afirmativo e negativo. Indefinidos(alcun, qualche, nessun,...) Oración Composta. Subordinanda final(affinché,perché,...)
- Léxicos: Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica. Relacións persoais e sociais: formas de convivencia (as relación veciñais).
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: A división silábica.

Actividades

Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- CTO: vídeo sobre unha casa.
- CTE: os diferentes tipos de casa.
- PTO: falar sobre a casa ideal; preferencias sobre vivendas; describir unha vivenda (equipamento e decoración).
- CTO e CTE: comprar ou alugar unha vivenda
- C/O: vídeo sobre o equipamento e a decoración dunha vivenda.
- PTE: La casa sognata; decálogo La casa 3.0.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CO	-Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.
PO	Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.
CE	Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.
PE	Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión. Redacta un texto e adaptación á situación requirida. Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
MED	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CO	Será quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.

PO	Será quen de explicar como ten colocado un cuarto da súa casa.	
CE	Será quen de buscar información concreta ao interno dun texto amplo (catálogo de mobles) para responder a una tarefa.	
PE	Proxecto final: deseñarán un edificio comunitario ecosostible e autosuficiente.	
MED	Será quen de referir tanto oral coma na escrita a información máis relevante dun texto.	
	Temporalización	Materiais
	Abril - maio 10/11 sesións	Fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, xogos e materiais do banco de materiais do departamento, recursos subidos á plataforma educativa Moodle.

4. NIVEL AVANZADO C1 E C2

O nivel avanzado deberá ter como referencia as competencias propias do nivel C (C1 e C2), segundo se define este nivel no MCERL do Consello de Europa. Este nivel ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito con fluidez, flexibilidade e eficacia, en situacións comunicativas diversas relativas a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros, e que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, e riqueza léxica. Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de xeito directo, e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

4.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

AVANZADO C1

O alumnado que supere o nivel avanzado C1, que se divide en dous cursos (C1.1 e C1.2) poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e dun repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e transmitir matices de significados.

AVANZADO C2

O alumnado que supere o nivel avanzado C2 poderá comunicarse sen esforzo aparente, con precisión e corrección, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional; comprenderá practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, independentemente da súa extensión, velocidade, complexidade, temática ou tipoloxía e será quen de recoñecer os sentidos implícitos. Ademais, será capaz de empregar axeitadamente os mecanismos de organización e cohesión textual e elixirá o léxico e as expresións apropiadas ao nivel, ao rexistro e á finalidade de cada discurso. Así mesmo, transmitirá ideas de forma oral ou escrita con naturalidade, soltura e fluidez. O alumnado que acade este nivel disporá dun amplo coñecemento da lingua e dun repertorio extenso de expresións idiomáticas e coloquiais que lle permitan apreciar, sintetizar, expresar e transmitir matices sutís de carácter semántico, lingüístico ou pragmático.

4.2. OBXECTIVOS XERAIS

AVANZADO C1

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

-Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

-Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

-Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

-Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

-Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

AVANZADO C2

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

-Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.

-Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo algún descoido ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.

-Comprender, apreciar e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, practicamente calquera texto extenso e complexo, tanto literarios como técnicos -nos que se

empreguen xogos de palabras, coloquialismos, expresións idiomáticas e outras variantes lingüísticas que poidan conter xuízos de valor ou nos que parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua- apreciando distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.

-Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida presentar algún descoido de carácter tipográfico- sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como transmitir en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.

-Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para transmitir con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e prezando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

4.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

4.3.1. NIVEL AVANZADO C1.1

Para o curso de C1.1 empregaranse os 8 módulos do curso semipresencial existente deseñado pola Consellería e un módulo inicial creado polo docente para realizar a avaliación inicial e un repaso dos contidos do nivel B2. Así mesmo, desenvolveranse os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 81/2018 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e o currículo do nivel avanzado C1.

Os obxectivos e contidos do avanzado C1.1 desenvolveranse partindo das 8 unidades didácticas que aparecen indicadas máis adiante nas táboas da secuenciación. A distribución é flexíbel e pode sufrir modificacións para axustarse ao andamento escolar.

A metade da docencia impártese nunha única sesión presencial á semana, que se dedica principalmente a traballar a produción e mediación orais. A outra metade da carga lectiva desenvólvese nunha aula virtual, na que o alumnado traballa as distintas actividades de lingua de maneira autónoma co apoio e orientación do profesorado. Esta modalidade de docencia require por parte do alumnado certo grao de autonomía como aprendiz de linguas, así como coñecementos básicos de informática para desenvolverse nunha contorna de ensino virtual. O único equipamento necesario é un ordenador con conexión a internet. Pódese consultar máis información en:

<https://sites.google.com/eoisantiago.org/cursossemipresenciais/inicio>

O ano académico 2024-2025 o curso escolar divídese en dous cuadrimestres. O primeiro cuadrimestre comprenderá desde o 16 de setembro ata o 8 de xaneiro. As tarefas que se efectuarán para avaliar o progreso do alumnado realizaranse desde o 8 ao 17 de xaneiro. O segundo cuadrimestre iniciará o 20 de xaneiro.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria da aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos os estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As devanditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
PTO	<p>Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.</p> <p>Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.</p> <p>Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.</p> <p>Inicia, mantén e remata unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións das outras persoas interlocutoras.</p>
CTE	<p>Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.</p> <p>Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p>Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.</p>
PTE	<p>Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</p> <p>Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.</p> <p>Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.</p>
MED	<p>Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</p> <p>Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p>
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	<p>É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.</p> <p>É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado.</p>
PTO	<p>É quen de expresar o que quere dicir e superar as dificultades ocasionais que poida ter.</p> <p>É quen de desenvolver argumentos detallados de maneira sistemática e bastante ben estruturada.</p> <p>É capaz de expresarse cun bo grao de corrección.</p> <p>É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira adecuada e bastante fluída, respectando as quendas de palabra e valéndose das intervencións das outras persoas interlocutoras.</p>
CTE	<p>É capaz de entender o que se pretende ou o que se lle require na maioría dos casos.</p> <p>É quen de identificar o contido e a importancia de textos de temas profesionais ou académicos.</p>

	É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións de significado, aínda que necesite consultar un dicionario.
PTE	É quen de redactar un texto e adaptalo á situación requirida. É quen de presentar ideas e puntos de vista destacándoos, diferenciándoos e eliminando a maioría das ambigüidades. É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección.
MED	É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. É capaz de producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.
Temporalización	Materiais
FEBREIRO-MARZO	Módulo 6 do curso semipresencial, fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, xogos, exercicios para o encerrado dixital, materiais do banco de materias do departamento e cancións.

C1.1 - 2º cuadrimestre – Módulo 7: UN PROCESSO ESPONENZIALE (SCIENZA E TECNOLOGIA)	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.
PTO	Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.
CTE	Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

PTE	Escribir ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.
MED	Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: Personalidades científicas italianas. ● Estratéxicos: Todos os que se contemplan para o nivel. ● Funcionais: Funcións ou actos de fala asertivos, expresar unha opinión. ● Discursivos. Textos orais: conversas especializadas; debates e discusións formais sobre a identidade persoal e colectiva; entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo; audiovisuais (vídeos da internet); informativos. Textos escritos: textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral; instrucións, textos ensaísticos. ● Sintácticos: Os conectores. ● Léxicos: Léxico sobre a ciencia e a tecnoloxía. ● Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común. 	
Actividades	
<p>Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade. ● Tarefas para traballar as actividades de lingua pasivas: actividades de comprensión de textos escritos e de textos orais (reflexionar sobre os textos, o léxico e a gramática). ● Tarefas para traballar as actividades de lingua activas: produción, coprodución e mediación de textos escritos e de textos orais. ● Actividades de repaso e de avaliación da unidade. 	
Criterios de avaliación	
CTO	Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.
PTO	Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera

	importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.
CTE	Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.
PTE	Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión. Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.
MED	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.
PTO	É quen de transmitir oralmente e claramente os puntos máis relevantes dos textos fonte e algúns detalles que considere importantes. É capaz de variar a entoación e a énfase para expresar o que quere dicir e pronunciar de forma clara e natural.
CTE	É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos e complexos.
PTE	É capaz de escribir textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión. É capaz de utilizar estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un bo grao de corrección.
MED	É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.
Temporalización	Materiais
MARZO-ABRIL	Módulo 7 do curso semipresencial, fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, xogos, exercicios para o encerado dixital, materiais do banco de materias do departamento e cancións.

C1.1 - 1º cuadrimestre – Módulo 8: **CONCEDERSI ALL'OZIO** (TEMPO LIBERO)

Obxectivos específicos por destrezas

CTO	Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio ou televisión que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.
PTO	Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais. Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
CTE	Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións relacionados co tempo libre.
PTE	Escribir ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: O tempo libre en Italia.
- Estratéxicos: Todos os que se contemplan para o nivel.
- Funcionais: Funcións ou actos de fala expresivos: a expresión do desexo coa estrutura vorrei che + subxuntivo. Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución.
- Discursivos. Textos orais: Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo, podcasts, cancións. Textos escritos: Intrucións e indicacións detalladas, textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade, textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actuali-

<p>dade ou sobre temas de interese xeral.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Sintácticos: Correlación temporal na construción de textos orais e escritos: a expresión do pasado (imperfecto, pretérito perfecto composto, antepretérito e o infinitivo composto). As rexencias preposicionais. ● Léxicos: Lecer e tempo libre. ● Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: O recoñecemento das variantes diatópicas máis estendidas: contacto con diferentes acentos italianos. 	
<p>Actividades</p>	
<p>Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e presentación da unidade. ● Tarefas para traballar as actividades de lingua pasivas: actividades de comprensión de textos escritos e de textos orais (reflexionar sobre os textos, o léxico e a gramática). ● Tarefas para traballar as actividades de lingua activas: produción, coprodución e mediación de textos escritos e de textos orais. ● Actividades de repaso e de avaliación da unidade. 	
<p>Criterios de avaliación</p>	
CTO	<p>Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.</p>
PTO	<p>Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.</p> <p>Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.</p> <p>Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.</p> <p>É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións das outras persoas interlocutoras.</p>
CTE	<p>Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p>Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.</p> <p>Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</p>

PTE	<p>Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</p> <p>Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.</p> <p>Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.</p> <p>Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.</p>
MED	<p>Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p>
<p>Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel</p>	
CTO	<p>É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.</p>
PTO	<p>É quen de adaptar a fala segundo o contexto social no que se atope dunha forma flexible. É quen de expresar o que quere dicir e superar as dificultades ocasionais que poida ter.</p> <p>É quen de desenvolver argumentos detallados de maneira sistemática e bastante ben estruturada.</p> <p>É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira adecuada e bastante fluída, respectando as quendas de palabra e valéndose das intervencións das outras persoas interlocutoras.</p>
CTE	<p>É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p>É quen de recoñecer a intención e o significado da maior parte dos propósitos comunicativos.</p> <p>É capaz de localizar a información ou seguir o fio do discurso en textos que teñan unha estrutura discursiva complexa ou non perfectamente estruturados, e nos que as relacións e conexións se poidan expresar con marcadores implícitos.</p>
PTE	<p>É quen de redactar un texto e adaptalo á situación requirida.</p> <p>É quen de presentar ideas e puntos de vista destacándoos, diferenciándoos e eliminando a maioría das ambigüidades.</p> <p>É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección.</p> <p>É capaz de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos.</p>
MED	<p>É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.</p>

Temporalización	Materiais
ABRIL-MAIO	Módulo 8 do curso semipresencial, fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, xogos, materiais do banco de materias do departamento, exercicios para o encerado dixital e cancións.

4.3.2. NIVEL AVANZADO C1.2

Para o curso de C1.2 empregárase como libro de texto o manual *Nuovissimo progetto italiano 3*, sobre todo para o traballo autónomo do alumnado. A programación caracterizarase por ser unha ferramenta aberta e flexible. O actual alumnado de C1.2 procede da matrícula ordinaria do curso pasado, doutros anos nos que cursaron C1.1 ben nesta EOI ou noutras, pero tamén de alumnado que cursou C1.2 no 2023-2024. Nesta situación a flexibilidade nos contidos adquire unha maior relevancia, así como na temporalización dos mesmos. Cómpre engadir que para a programación deste curso se tivo en conta o seguimento da programación de C1.1 do 2023/24, que non se completou na súa totalidade.

Partindo por tanto de 6 unidades temáticas do libro de texto, de materiais de elaboración propia e mais de diferentes actividades procedentes de métodos de ensino da lingua italiana, desenvolveranse os obxectivos e os contidos que estipula o Decreto 81/2018 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e o currículo do nivel avanzado C1.

Ao se tratar de ensino presencial, a aula virtual será un recurso máis para o alumnado que non puido asistir e/ou quere repasar ou ampliar o impartido na clase. Ademais, trátase dun enlace a maiores co profesorado titor e os compañeiros e compañeiras da clase. Pódese empregar para facilitar o traballo colaborativo fóra da escola.

O ano académico 2024-2025 o curso escolar divídese en dous cuatrimestres.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria da aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos os estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

C1.2 - 1º cuadrimestre – I. *SIATE LE BENTORNATE!* (Benvidas de volta!)

Obxectivos específicos por destrezas

CTO	Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.
PTO	Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
CTE	Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico). Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións. Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.
PTE	Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.
MED	Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: Os medios de comunicación italianos: a prensa. Escolma de contidos do ano anterior para a avaliación inicial.
- Estratéxicos: Todos os que se contemplan para o nivel.
- Funcionais: Subliñar os elementos de desacordo entre dúas opinións.
- Discursivos. Textos orais: informativos; debates e discusións formais sobre os medios de comunicación; podcasts; cancións. Textos escritos: textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade; textos de opinión ou ensaísticos sobre os medios de comunicación.
- Sintácticos: Repaso de erros frecuentes. O conectivo anziché. Os adxectivos buono, bello e quello antes do nome.
- Léxicos: Información e medios de comunicación: prensa. Escolma de contidos do ano anterior para a avaliación diagnóstica.

<ul style="list-style-type: none"> Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: secuencias sinxelas cunha entoación característica. 	
Actividades	
<p>Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> Actividades de avaliación inicial: comprobación dos coñecementos previos sobre os contidos da unidade e do curso anterior. Tarefas para traballar as actividades de comprensión de textos escritos e de textos orais (reflexionar sobre os textos, o léxico e a gramática): repaso de erros frecuentes; actividades para aumentar o léxico; comprensión lectora dun texto sobre posta del cuore e identidade dos italianos; comprensión oral de podcasts sobre lendas e supersticións Tarefas para traballar as actividades de produción, coprodución e mediación de textos escritos e de textos orais. Actividades de repaso e de avaliación da unidade. 	
Criterios de avaliación	
CTO	Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.
PTO	Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.
CTE	Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario. Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.
PTE	Redacta un texto e adáptao á situación requirida. Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección. Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

MED	Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.	
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel		
CTO	É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.	
PTO	É quen de adaptar a fala segundo o contexto social no que se atope dunha forma flexible. É capaz de utilizar un rexistro formal ou informal dependendo do interlocutor ou da situación. É quen de expresar o que quere dicir e superar as dificultades ocasionais que poida ter.	
CTE	É capaz de entender o que se pretende ou o que se lle require na maioría dos casos. É quen de reconecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións de significado, aínda que necesite consultar un dicionario. É quen de comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha boa gama de convencións ortotipográficas.	
PTE	É quen de redactar un texto e adaptalo á situación requirida. É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección. É capaz de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos.	
MED	É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.	
	Temporalización	Materiais
	Setembro-outubro (10 sesións aprox.)	Unidade <i>Gossip e privacy</i> do libro de texto, fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, xogos, exercicios para o encerado dixital, materiais do banco de materias do departamento e cancións.

C1.2 - 1º cuadrimestre – II. *ECONOMIA E ALIMENTAZIONE* (Economía e alimentación)

Obxectivos específicos por destrezas

CTO	Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.
PTO	Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
CTE	Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles. Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións. Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.
PTE	Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas. Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.
MED	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Competencias e contidos

- Socioculturais e sociolingüísticos: Novas tendencias de alimentación. O negocio da falsa comida italiana Empresas italianas: máis aló do Made in Italy.
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel.
- Funcionais: expresivos (expresar enfado).
- Discursivos: Oraís: Audiovisuais: cancións, podcast. Escritos: Textos xornalísticos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática.
- Sintácticos: O participio presente e pasado. A nominalización. Repaso de contidos sintácticos nos que o alumnado amose dificultades.
- Léxicos: Economía e industria. Alimentación: procesos de alimentación, tendencias en alimentación, produción agrícola....

Actividades

A relación de actividades que se especifican a continuación hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo. Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Actividade de comprensión de textos orais: escoita de audios e vídeos (noticias, opinións) responder a preguntas do texto, relacionar textos con títulos, etc.
- Actividades de comprensión de textos escritos: baremar unha afirmación, busca da palabra, completar texto, etc.
- Actividades de produción de textos escritos: escribir un texto expositivo.
- Actividades de produción e coprodución de textos orais: falar sobre alimentos e a produción de alimentos.
- Actividades de mediación oral e escrita: actividades de mediación cuxos temas serán a alimentación, a economía da alimentación e o ambiente e a alimentación.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.
PTO	Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente. Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

CTE	<p>Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p>Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.</p> <p>Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</p> <p>Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.</p> <p>Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.</p>
PTE	<p>Escrebe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.</p> <p>Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.</p> <p>Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.</p>
MED	<p>Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p>
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	<p>É quen de recoñecer, dependendo do contexto e do rexistro, a intención e o significado dun bo repertorio de actos de fala.</p>
PTO	<p>É quen de desenvolver argumentos detallados de maneira sistemática e bastante ben estruturada.</p> <p>É capaz de contra argumentar adecuadamente, intervindo de forma bastante natural.</p>
CTE	<p>É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p>É quen de recoñecer a intención e o significado da maior parte dos propósitos comunicativos.</p> <p>É capaz de localizar a información ou seguir o fío do discurso en textos que teñan unha estrutura discursiva complexa ou non perfectamente estruturados, e nos que as relacións e conexións se poidan expresar con marcadores implícitos.</p> <p>É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións de significado, aínda que necesite consultar un dicionario.</p> <p>É quen de comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha boa gama de convencións ortotipográficas.</p>

PTE	É quen de escribir textos bastante complexos e extensos, expresándose con bastante eficacia e precisión. É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección. É capaz de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos.	
MED	É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.	
	Temporalización	Materiais
	Outubro-novembro (10 sesións aprox.)	Fichas, unidade <i>Il falso a tavola</i> do libro de texto, fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento, cancións, escenas de películas...

C1.2 - 1º cuadrimestre – III. <i>SCIENZA E TECNOLOGIA</i> (Ciencia e tecnoloxía)	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen..
PTO	Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
CTE	Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles. Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións. Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións

	implícitas..
PTE	Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas. Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.
MED	Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: -Científicos italianos. Rita Levi Montalcini e Samantha Cristoforetti. Museos científicos. A fuga de cerebros ● Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. ● Funcionais: expresivos. ● Discursivos: Oraís: Audiovisuais: cancións, podcast. Escritos: Textos xornalísticos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática. ● Sintácticos: Os nomes con dobre plural. O pasado e o pasado remoto. Repaso de contidos sintácticos nos que o alumnado amose dificultades. ● Léxicos: Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas... ● Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: a énfase. 	
Actividades	
<p>A relación de actividades que se especifican a continuación hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo. Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de avaliación inicial. ● Actividade de comprensión de textos orais: escoita de audios e vídeos (noticias, opinións) responder a preguntas do texto, relacionar textos con títulos, etc. ● Actividades de comprensión de textos escritos: baremar unha afirmación, busca da palabra, completar texto, etc. ● Actividades de produción de textos escritos: escribir unha relación sobre un personaxe famoso. Escribir un artigo de opinión.. ● Actividades de produción e coprodución de textos orais: falar sobre a ciencia e a tecnoloxía; realizar unha presentación sobre unha científica italiana. 	

<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de mediación oral e escrita: actividades de mediación cuxos temas sexan a ciencia e a tecnoloxía. Comentar unha gráfica ou unha estadística. ● Actividades de repaso e de avaliación da unidade. 	
Criterios de avaliación	
CTO	Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.
PTO	Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente. Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.
CTE	Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario. Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.
PTE	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección. Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.
MED	É capaz de producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado
PTO	É capaz de expresarse cun bo grao de corrección. É quen de usar un bo repertorio léxico, incluíndo algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permitirán superar as súas carencias.

CTE	<p>É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p>É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións de significado, aínda que necesite consultar un dicionario.</p> <p>É quen de comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha boa gama de convencións ortotipográficas.</p>
PTE	<p>É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección.</p> <p>É capaz de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos.</p>
MED	<p>É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.</p>
Temporalización	Materiais
Novembro-décembro (10 sesións aprox)	Fichas, unidade <i>Scienza e inventori</i> do libro de texto, fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento, cancións, escenas de películas...

C1.2 - 2º cuadrimestre - IV. AMBIENTE E ABITAZIONE (Medio ambiente e vivenda)

Obxectivos específicos por destrezas

CTO	Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
PTO	Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

CTE	<p>Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.</p> <p>Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.</p> <p>Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.</p>
PTE	<p>Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.</p> <p>Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.</p>
MED	<p>Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.</p>
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: A pegada ecolóxica. A economía verde. As vivendas ecosustibles. A economía compartida. Legambiente e outras asociacións de protección ambiental italianas. Problemas ambientais. ● Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel. ● Funcionais: expresivos. ● Discursivos: Audiovisuais: cancións, podcast. Escritos: Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática. ● Sintácticos: A pasiva con andare. Os pronomes relativos co subxuntivo. ● Léxicos: Natureza: problemas ambientais (os delitos ambientais). Vivenda e fogar: a vivenda ecolóxica. 	
Actividades	
<p>A relación de actividades que se especifican a continuación hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo. Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de avaliación inicial. ● Actividade de comprensión de textos orais: escoita de audios e vídeos (noticias, opinións) responder a preguntas do texto, relacionar textos con títulos, etc. 	

- Actividades de comprensión de textos escritos: baremar unha afirmación, busca da palabra, completar texto, etc.
- Actividades de produción de textos escritos: escribir un artigo de opinión sobre ecoloxía. Escribir correspondencia formal para queixarse ou facer propostas sobre o ambiente.
- Actividades de produción e coprodución de textos orais: falar sobre o ambiente e a vivenda.
- Actividades de mediación oral e escrita: actividades de mediación cuxos temas sexan a ecoloxía e a vivenda. Comentar unha gráfica ou unha estadística.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.
PTO	É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as. Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.
CTE	Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario. Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.
PTE	Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades. Produce un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos). Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección. Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.
MED	Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións e matices de significado, necesitando repetición se ten dificultades co acento.
PTO	É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira adecuada e bastante fluída, respectando as quendas de palabra e valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as. É quen de preguntar para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e conseguir aclaración dos aspectos ambiguos.
CTE	É quen de comprender os significados asociados a unha boa gama de estruturas sintácticas da lingua escrita. É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións de significado, aínda que necesite consultar un dicionario. É quen de comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha boa gama de convencións ortotipográficas.
PTE	É quen de presentar ideas e puntos de vista destacándoos, diferenciándoos e eliminando a maioría das ambigüidades. É quen de producir un texto escrito bastante coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección. É capaz de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos.
MED	É quen de citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.
Temporalización	Materiais
Xaneiro - febreiro (10 sesións aprox.)	Fichas, unidade <i>Stop alle auto</i> do libro de texto, fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento, cancións, escenas de películas...

C1.2 - 1º cuadrimestre – V. *LAVORO* (Traballo)

Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas. Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.
PTO	Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.
CTE	Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles. Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións. Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.
PTE	Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.
MED	Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas. Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para transmitir oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.
Competencias e contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Socioculturais e sociolingüísticos: Profesións novas e tradicionais. Automatización. A entrevista de traballo. O machismo no traballo. A precariedade laboral. O dobre traballo e a discriminación salarial. ● Estratéxicos: todos os que se contemplan para o vnivel. ● Funcionais: compromiso. ● Discursivos. Oraís: Audiovisuais: cancións, podcast. Escritos: Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática. ● Sintácticos: O subxuntivo presente e pasado. Os conectivos concesivos. 	

- Léxicos: Traballo e actividades profesionais.
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: A entoación e os cambios de ton.

Actividades

A relación de actividades que se especifican a continuación hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo. Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Comprensión de textos orais: escoita de audios (noticias, opinións) responder a preguntas do texto, relacionar textos con títulos, etc.
- Producción de textos orais: Falar sobre o traballo: debates e monólogos. Pequena exposición dunha muller traballadora italiana.
- Comprensión de textos escritos: baremar unha afirmación, busca da palabra, completar texto, etc.
- Producción de textos escritos: escribir a resposta a un anuncio de traballo.
- Actividades de mediación cuxa temática sexa o traballo.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala. Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.
PTO	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais. Produce un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).
CTE	Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario. Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

PTE	<p>Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.</p> <p>Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.</p>		
MED	<p>Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p>		
<p>Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel</p>			
CTO	<p>É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións e matices de significado, necesitando repetición se ten dificultades co acento.</p> <p>É quen de percibir a meirande parte das variedades fonético-fonolóxicas estándares propias da lingua e recoñecer algúns matices de significado.</p>		
PTO	<p>É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>É capaz de producir un texto oral adecuado, usando conectores e mecanismos de cohesión apropiados a partir dunha diversidade de textos fonte.</p>		
CTE	<p>É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións de significado, aínda que necesite consultar un dicionario.</p> <p>É quen de comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha boa gama de convencións ortotipográficas.</p>		
PTE	<p>É quen de transmitir por escrito os puntos máis relevantes dos textos fonte e a maioría dos detalles que considere importantes.</p> <p>É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección.</p> <p>É capaz de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos.</p>		
MED	<p>É capaz de xestionar a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación.</p>		
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 25%; text-align: center;">Temporalización</td> <td style="text-align: center;">Materiais</td> </tr> </table>		Temporalización	Materiais
Temporalización	Materiais		

Febreiro-marzo (10 sesións aprox.)	Fichas, unidade <i>Il lavoro nobilita l'uomo e anche la donna</i> do libro de texto, fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento, cancións, escenas de películas...
------------------------------------	---

C1.2 - 2º cuadrimestre –VI. <i>EDUCAZIONE</i> (Educación)	
Obxectivos específicos por destrezas	
CTO	Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas. Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.
PTO	Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.
CTE	Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
PTE	Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para transmitir oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico. Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.
Competencias e contidos	

- Socioculturais e sociolingüísticos: A estrutura do sistema educativo en Italia. O sistema universitario italiano. O ensino do italiano no mundo. Conflitos educativos na Italia de hoxe. O ensino da relixión en Italia. A figura de Maria Montessori. O homeschooling. A didáctica a distancia.
- Estratéxicos: todos os que se contemplan para o nivel.
- Funcionais: directivos.
- Discursivos. Oraís: novas sobre o estado dos centros educativos en Italia, escenas cinematográficas sobre o mundo do ensino, vídeos sobre a educación e o sistema educativo, cancións. Escritos: páxinas web e fragmentos de prensa sobre o ensino do italiano no mundo.
- Sintácticos: O infinitivo presente e pasado. O plural dos nomes e adexctivos e –co e –go. As sinais discursivas. Os nomes colectivos e as palabras polisémicas.
- Léxicos: Educación e actividades académicas (por exemplo: lexislación e regulamentos, problemas e conflitos, tendencias...).
- Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: Patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...).

Actividades

A relación de actividades que se especifican a continuación hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo. Entre outras actividades posibles que se concretarán ao longo do curso, realizaranse as seguintes ou equivalentes:

- Actividades de avaliación inicial.
- Actividades de comprensión de textos orais: escoita de audios (noticias, opinións) responder a preguntas do texto, relacionar textos con títulos, etc.
- Actividades de comprensión de textos escritos: baremar unha afirmación, busca da palabra, completar texto, etc.
- Actividades de produción de textos escritos: escribir un texto de opinión nun xornal.
- Actividades de produción de textos orais: falar sobre a educación, os problemas da educación, o sistema educativo. Presentación sobre un personaxe histórico.
- Actividades de mediación sobre a escola e a educación.
- Actividades de repaso e de avaliación da unidade.

Criterios de avaliación

CTO	Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e reconece matices de significado.
PTO	Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

	Varia a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.
CTE	Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario. Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.
PTE	Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección. Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico. Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos.
MED	Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.
Mínimos esixibles: descritores que deberán acadarse de xeito suficiente para o nivel	
CTO	É quen de percibir a meirande parte das variedades fonético-fonolóxicas estándares propias da lingua e recoñecer algúns matices de significado.
PTO	É quen de transmitir oralmente e claramente os puntos máis relevantes dos textos fonte e algúns detalles que considere importantes. É capaz de variar a entoación a a énfase para expresar o que quere dicir e pronunciar de forma clara e natural.
CTE	É quen de identificar o contido e a importancia de textos de temas profesionais ou académicos É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións de significado, aínda que necesite consultar un dicionario. É quen de comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha boa gama de convencións ortotipográficas.
PTE	É capaz de facer unha cita e utilizar as referencias seguindo as convencións. É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección. É capaz de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos.

MED	É capaz de facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.	
Temporalización	Materiais	
Abril - maio (10 sesións aprox.)	Fichas, unidade <i>Gli esami non finiscono mai</i> do libro de texto, fotocopias, exercicios de gramáticas e de internet, vídeos de internet, presentacións, xogos, materiais do banco de materiais do departamento, cancións, escenas de películas...	

4.3.3. NIVEL AVANZADO C2

Non se imparte no presente curso.

5. AVALIACIÓN

A avaliación dos niveis básico, intermedio e avanzado das ensinanzas de idiomas de réxime especial réxese polo Real Decreto 1/2019, de 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial; polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia; pola Resolución do 16 de maio de 2024, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024-2025; e Circular 8/2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2024/25.

5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN

As probas de avaliación serán elaboradas para verificar o grao de dominio en cada unha das destrezas lingüísticas, sen prexuízo do seu tratamento global no proceso de ensino aprendizaxe. O alumnado será avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias comunicativas e os criterios de avaliación establecidos no currículo e na presente programación.

5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos para a avaliación do grao de dominio das diferentes destrezas no alumnado enuméranse a continuación e serán detallados nos seguintes subapartados:

- Avaliación inicial
- Avaliación de progreso
- Proba final de promoción: nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba final global elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.
- Proba terminal de certificación: nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel.

5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL

Esta forma de avaliación aplícase ao comezo de cada curso e determina o nivel de competencia do alumno con respecto ao nivel previsto ao comezo do devandito curso e con respecto ao grupo. Mediante a avaliación inicial, o profesorado obtén unha visión de conxunto para cada grupo e unha información precisa dos puntos fortes e débiles deste e dos distintos individuos que o forman. Isto permítelle planificar e organizar o desenvolvemento do curso de forma que poida dar unha mellor resposta ás necesidades do alumnado, á vez que serve como unha primeira autoavaliación para que o alumnado tome conciencia do nivel dos seus coñecementos e das necesidades da súa aprendizaxe.

Na avaliación inicial do presente curso terase en conta o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional para identificar as súas dificultades e as súas necesidades de atención educativa. En función dos resultados das avaliacións finais e das necesidades detectadas

na avaliación inicial, reforzaranse, ben grupalmente, ben individualmente, aquelas áreas e aprendizaxes nas que se observen carencias e necesidades.

5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa (a partir de agora AF) é unha ferramenta PARA a aprendizaxe. Trátase dun proceso que se desenvolve ao longo de toda a instrución na aula, tanto na ensinanza como na aprendizaxe, co único obxectivo de mellorar e optimizar o proceso educativo. É importante lembrar que a AF difire da avaliación sumativa, unha avaliación DA aprendizaxe que mide os obxectivos acadados e que emprega puntuacións e baremos numéricos ao final do curso nas probas terminais de promoción e de certificación.

Neste sentido, a AF require unha constante reflexión sobre tres cuestións clave:

1. Cara onde vou? Cales son os obxectivos de aprendizaxe que se están a traballar?
2. Onde estou? Cal é o progreso actual do alumnado respecto a eses obxectivos?
3. Como chego? Cales son os pasos que debería dar o alumnado para achegarse aos obxectivos desexados e superar a fenda entre eles e o seu progreso real?

Os axentes da AF son tanto o profesorado como o alumnado e os seus compañeiros de clase. Todos eles deben realizar actividades de reflexión, comprensión, e avaliación para obter a información que lles permita facer axustes constantes na docencia e na aprendizaxe, coa finalidade de acadar os obxectivos de aprendizaxe.

Empregaranse un abano de técnicas e estratexias, segundo o contexto da aula e as necesidades do alumnado. Entre elas, destácanse as seguintes:

- Técnicas (tradicionais e dixitais) para comprobar a comprensión
- Técnicas (tradicionais e dixitais) para proporcionar feedback/retroalimentación
- A autoavaliación
- A avaliación entre pares (coavaliación)
- Análise e avaliación de textos modelo, escritos e orais, para comprender os criterios de calidade esixidos.

A continuación preséntase un gráfico co resumo das principais estratexias da AF segundo os axentes implicados (tomado de Leahy et. al, 2005):

	Cara onde vou?	Onde estou?	Como chego?
DOCENTE	Aclarar, compartir e comprender os obxectivos de aprendizaxe	Obter evidencias de aprendizaxe	Proporcionar feedback que permita avanzar na aprendizaxe
COMPAÑEIR @		Activar o alumnado como recurso mutuo de aprendizaxe	
APRENDIZ		Facer de cada alumno o responsable da súa propia aprendizaxe	

De acordo cos principios da AF, é moi importante que o alumnado participe nas actividades de autoavaliación e coavaliación e, por tanto, o profesorado non avaliará todos os seus produtos de aprendizaxe. Os avaliadores, sexan alumnado ou profesorado, empregarán unha variedade de instrumentos de AF, orais e escritos, tales como listas de verificación, rúbricas, cadros de comentarios, símbolos de corrección, así como feedback/retroalimentación sobre producións en audio e en vídeo.

Para máis información sobre a AF recoméndase, recoméndase consultar [esta presentación interactiva](#) e esclarecer calquera dúbida co profesorado.

5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas, actividades ou probas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

O departamento coordinacións establecerá o número de tarefas que se recollerán por cada actividade de lingua e a súa temporalización.

5.2.4. PROBA FINAL DE PROMOCIÓN E DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN

Para os niveis non terminais (B2.1 e C1.1) realizarase a proba final de promoción.

Esta proba será elaborada, administrada e corrixada polo profesorado dos departamentos didácticos de acordo coas especificacións establecidas por cada un deles. Terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

A proba final de promoción realizarase tras a finalización do segundo cuatrimestre, en convocatoria ordinaria, ou ao finalizar o correspondente cuatrimestre no caso dos cursos intensivos. No 2024-2025 non hai cursos intensivos.

Haberá unha convocatoria extraordinaria da proba final de promoción, previsiblemente na segunda quincena do mes de xuño, na que o alumnado só terá que examinarse das partes non superadas na convocatoria ordinaria.

Puntuación e cualificación

Nos cursos de nivel B2.1 e C1.1, a proba final de promoción terán un valor de 125 puntos e constarán de cinco partes (comprensión de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos; e mediación). Cada parte terá un valor de 25 puntos.

Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das actividades de lingua, e unha puntuación mínima do 65% da puntuación total da proba (81,25/125). O alumnado que non acade o mínimo do 65% (16.25/25) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, o alumnado que non promocione deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

5.2.5. PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar tras a finalización do segundo cuadrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará previsiblemente na segunda quincena de xuño. Nos cursos intensivos e de nivel integrado que se realicen no primeiro cuadrimestre, a convocatoria ordinaria será a finais do do primeiro cuadrimestre, e a extraordinaria tras a finalización do segundo cuadrimestre. No 2024-2025 non se imparten cursos intensivos.

Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior, e o nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas correspondentes ao nivel básico A2 e intermedio B1 serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as pautas establecidas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na guía de elaboración do nivel correspondente.

As probas correspondentes aos niveis intermedio B2 e avanzado C1 e C2 serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de validación que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Innovación Educativa designará para tal efecto.

A administración, avaliación e cualificación das probas será responsabilidade dos departamentos didácticos.

As guías informativas das probas de certificación de cada nivel poderanse consultar na páxina web da escola, www.eoisantiago.org.

Estrutura e contido

As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaránse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

As probas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado (B1, B2, C1 e C2) estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación.

O alumnado examínase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatória para a realización do resto delas.

As probas correspondentes á comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos basearíanse en textos auténticos ou adaptados extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita. A tipoloxía das tarefas deberá ser a apropiada para avaliar tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos.

No nivel A2, na proba de produción, coprodución e mediación escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción, coprodución e mediación oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes.

A cualificación da coprodución e mediación escrita e produción, coprodución e mediación oral das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Nos niveis B1, B2, C1 e C2, na proba de produción e coprodución escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción e coprodución oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes. A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaránse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

A cualificación da produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos, e mediación, será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Puntuación e cualificación

A puntuación total da proba terminal de certificación do nivel A2 será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será

positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba.

A puntuación total da proba terminal de certificación para os niveis B1, B2, C1 e C2 será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba e se obteña unha puntuación mínima do 65% no total da proba. O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, a cualificación outorgada ao alumnado será de apto, non apto ou non presentado, segundo corresponda.

O alumnado que non obteña a cualificación de apto nas probas terminais de certificación dos diferentes niveis poderá solicitar unha certificación académica na que se faga constar, con mención de todas as partes que conforman a proba, que acadou o grao de dominio requirido nas actividades de lingua que avalíen as partes superadas.

5.2.6. AUTOAVALIACIÓN

Avaliar o progreso da aprendizaxe propia é fundamental para o proceso de aprendizaxe. Avanzar na aprendizaxe só é posible despois de darse conta do que necesita ser aprendido. Se o/a estudante pode identificar o seu progreso, isto pode resultar motivador (animalo a afondar e avanzar na aprendizaxe) e animar á reflexión crítica sobre o proceso de aprendizaxe. Relacionado co anterior, a autoavaliación promove responsabilidade, independencia e activación do aprendiz.

Especialmente, a autoavaliación conecta coa avaliación formativa, e co énfase na aprendizaxe do alumno (fronte á ensinanza do docente). O estudante 'traballa para si' (e interioriza esa aprendizaxe dun xeito diferente a cando o traballo simplemente lle ven imposto dende arriba, polo docente). Conecta co punto anterior subliñando a autonomía do alumno, e a 'aprendizaxe para a vida'. Cando o alumnado ten que participar na elaboración de grellas de autoavaliación e en tarefas de meta-aprendizaxe, isto vai axudar a afondar no concepto de 'bo resultado / resultado satisfactorio' nunha área de aprendizaxe concreta.

Moi conectada coa autoavaliación está tamén á práctica da coavaliación, posto que o desenvolvemento de estratexias para ser quen de avaliar aos compañeiros/as contribúe directamente no fomento da capacidade autoavaliadora do alumnado.

Nestes tempos nos que tanto se fala de calidade na educación non debemos perder de vista que, nunha sociedade democrática e plural, un ensino de calidade debe ser sinónimo de atender os diferentes ritmos de estudo e de aprendizaxe do alumnado.

Unha das estratexias que pode contribuír a afrontar a diversidade do alumnado na aula é ensinarlle a que avalíen a súa propia aprendizaxe. A autoavaliación pode e debe ser un instrumento que facilite atender, respectar e valorar os distintos ritmos de aprendizaxe segundo as diferentes características do alumnado: capacidades, estilos de aprendizaxe, estratexias cognitivas, experiencias e coñecementos previos, motivación, atención, axuste emocional e social, etc.

A autoavaliación é a estratexia por excelencia para educar na responsabilidade e para aprender a valorar, criticar e a reflexionar sobre o proceso de ensino e aprendizaxe individual realizado polo alumnado.

Principalmente, dos beneficios que presenta a realización dunha auténtica autoavaliación, destacan os seguintes:

- a) É un dos medios para que o alumnado coñeza e tome conciencia de cal é o seu progreso individual no proceso de ensino e aprendizaxe.
- b) Axuda o alumnado a responsabilizarse das súas actividades, á vez que desenvolven a capacidade de autogoberno.
- c) É un factor básico de motivación e reforzo da aprendizaxe.
- d) É unha estratexia que lle permite á/ao docente coñecer cal é a valoración que o alumnado fai da aprendizaxe, dos contidos que se traballan na aula, da metodoloxía empregada...
- e) É unha actividade de aprendizaxe que axuda a reflectir individualmente sobre o proceso de ensino e aprendizaxe realizado.
- f) É unha estratexia que pode substituír outras formas de avaliación. Para atender a diversidade é necesario utilizar diferentes instrumentos avaliativos para tratar de valorar a progresión das capacidades de cada alumno/a. A autoavaliación pode ser unha estratexia máis nese proceso de valoración.
- g) É unha actividade que axuda a profundizar nun maior autoconhecimento e comprensión do proceso realizado.
- h) É unha estratexia que posibilita a autonomía e autodirección do alumnado.

De todas as razóns anteriormente expostas non cabe ningunha dúbida de que a autoavaliación do alumnado pode e debe ser empregada como estratexia para afrontar a diversidade de intereses, necesidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.
- b) A aprendizaxe lograda polo alumnado.
- c) As medidas de individualización do ensino.

d) O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...).

e) A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.

f) As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, medolóxica...)

g) A coordinación co resto do profesorado.

Pautas de intervención para afrontar a diversidade a través da autoavaliación do alumnado. A continuación presentamos unha listaxe de técnicas que o profesorado poderá utilizar para facer realidade os procesos de autoavaliación como estratexia de aprendizaxe para atender a diversidade.

a) O bloc de autoavaliación:

Actividade na que a/o estudante evidencia os esforzos realizados, a valoración do traballo conseguido (que sabía?, como aprendín?, que sei agora?), en relación aos contidos tanto do ámbito conceptual, procedimental e actitudinal, cales foron as mellores ideas, os logros conseguidos nos distintos ámbitos do coñecemento... Véxase a continuación un posible modelo que se aplicará:

Título da unidade

Obxectivos: especificaranse os obxectivos da unidade

Actividades: cada alume ten que facer unha reflexión sobre as actividades que se levaron a cabo na clase para acadar os obxectivos e listalos aquí.

Conseguino? O docente decidirá se utilizar unha autoavaliación ou coavaliación (despois dun intercambio entre pares), alternando as dúas metodoloxías en diferentes unidades.

Que máis podo facer para consolidar/repasar? Caderno de exercicios, actividades online, fotocopias, actividades etc. O profesorado recomenda recursos para consolidar e repasar a unidade e pídelles ao alumnado que aporte máis ideas e materiais.

b) Ferramentas de autorreflexión elaboradas pola/o docente:

Actividades que a/o docente diseña co obxecto de avaliar e comprender como o alumnado vai conseguindo os obxectivos: elaboración de cuestionarios, listas de control, escalas de estimación, protocolos, adaptación das rúbricas para a avaliación das actividades de produción... Estas ferramentas servirán para recoller as informacións relevantes sobre o proceso de ensino e aprendizaxe realizado.

c) O portafolios como instrumento para a avaliación formativa do estudiantado.

O portafolios é unha colección de traballos, actividades, etc. que a/o alumna/o realizou durante un curso. Pero quizais o máis importante desta selección de actividades radique en que estará composto polas actividades que lle permitiron a posibilidade de valorarse máis a si mesmos, como de sentirse máis seguros de si mesmos. A colección de traballos poderán ser do seguinte tipo:

mapas conceptuais dos temas; cuestións ou actividades de diferentes niveis de complexidade de cada un dos temas formulados pola/o docente; resolución de casos prácticos.

A autoavaliación da/o docente

O profesorado e o departamento deben facer unha autoavaliación sobre os resultados obtidos tralas diferentes probas feitas ao alumnado. Cada docente deberá reflexionar sobre a idoneidade da proba e suscitarse unha serie de preguntas:

- Correspóndese a proba á programación da aula?
- Que mecanismos debo activar para mellorar os resultados?
- Axústase a programación ao nivel?
- As actividades na aula ao longo do curso foron as adecuadas?
- Que podo facer para, nunha nova convocatoria, mellorar os resultados, se for posible?

Esta autoavaliación debe ser parte de cada reunión de departamento posterior ás diferentes probas. Nela débense valorar tanto os resultados individuais como colectivos do departamento e suscitarse a posibilidade de establecer uns criterios de mellora común. Estes criterios poden incidir en mellorar as coordinacións de elaboración de probas, as pilotaxes internas das probas e unha avaliación crítica de cada docente sobre o seu traballo.

Ao rematar o curso e, como parte da memoria do curso, farase un estudo estatístico dos resultados obtidos, que posteriormente se tratarán na reunión de departamento para a súa análise, fixar medidas correctoras de ser necesarias e trasladar finalmente os resultados ao claustro.

5.3. CONVOCATORIA DAS PROBAS

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na celebración das probas deberanse adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización delas.

5.4. ASISTENCIA

O alumnado que non se incorpore ao curso correspondente, xa sexa este final ou non final de nivel, nos primeiros quince días lectivos sen xustificación razoada perante a dirección, perderá a condición de alumnado oficial e a escola poderá dispoñer da súa praza para ser cuberta por outro aspirante.

5.5. SESIÓNS DE ESTANDARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Para garantir a fiabilidade das certificacións das escolas oficiais de idiomas, a Resolución do 17 de decembro de 2014 establece que o profesorado deberá participar en sesións de estandarización

para a corrección destas probas. Estas sesións dedicaranse á estandarización dos criterios de avaliación da proba de produción, coprodución e mediación de textos orais e da proba de produción, coprodución e medición de textos escritos dos niveis que certifique o departamento (que poden ser A2, B1, B2 e C1). Estas sesións leváranse a cabo ao menos unha vez no curso académico, preferiblemente antes da administración das probas de certificación.

Para levar a cabo as sesións, a xefatura de departamento ou a persoa coordinadora das probas de certificación seleccionará mostras de probas de produción, coprodución e mediación oral e escrita feitas por persoas candidatas dos distintos niveis da convocatoria anterior. Estas mostras repartiranse entre o profesorado do departamento, que deberá avalialas de forma individual, utilizando as ferramentas propias das probas de certificación (baremos, guías de administración, criterios de avaliación, MCER etc.). O profesorado fará unha posta en común dos seus resultados, ben reunido como departamento, ou ben en grupos pequenos, co obxectivo de chegar a un entendemento común dos descritores dos baremos de avaliación. Se hai desacordo nas notas outorgadas, o profesorado deberá chegar a un consenso a través do debate, sempre apoiado nos criterios de avaliación do nivel. Este proceso levará a que o profesorado chegue a unha comprensión máis profunda das características da produción oral e escrita dos candidatos en cada un destes niveis, e tamén resultará nun maior grao de fiabilidade na avaliación das probas de expresión.

5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para as probas terminais de certificación dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis.

Para as probas de promoción dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado o Departamento de Italiano tamén utilizará os baremos correspondentes das probas de certificación.

Pódense consultar na seguinte ligazón as táboas de baremación:

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/node/1253/#instrumentos_avalacion

6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O obxectivo principal da metodoloxía empregada é o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, ou sexa, o uso do idioma, a través da aprendizaxe dunha serie de destrezas que lle permitan comunicarse de maneira efectiva en situacións diversas do seu nivel. A aula concíbese como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe. Nestas situacións procurarase activamente a erradicación de comportamentos ou linguaxe sexista e o cuestionamento de estereotipos de xénero desigualitarios.

6.1. Os enfoques metodolóxicos

O profesorado abordará os contidos desde varios enfoques metodolóxicos:

- a elaboración de proxectos,
- o traballo por centros de interese,
- a realización de tarefas,
- traballo por tipos de textos,
- simulacións do uso real do idioma,
- actividades comunicativas de uso real,
- actividades pedagóxicas (especialmente cando o alumnado demostra certas carencias lingüísticas que lle dificulten a participación eficaz nas actividades enriba indicadas).

O/A aprendiz de idiomas será usuario/a da lingua que está a aprender, o que implica: ter en conta as súas necesidades reais de aprendizaxe e os seus intereses e contextos de uso; aceptar, como consecuencia disto, a existencia na aula dun perfil competencial desigual, e de motivacións e intereses diversos; e establecer graos de dominio que poidan non responder en todos os casos ao grao de competencia do falante nativo.

Debido á gran diversidade sociocultural e lingüística que se atopa nas aulas, cada docente é libre de escoller, na medida que estime oportuno, o(s) enfoque(s) metodolóxico(s) necesarios para atender as necesidades do seu alumnado segundo os recursos didácticos dispoñibles no centro.

Independentemente da súa elección, os enfoques metodolóxicos empregados sempre:

a) Fomentarán a aprendizaxe centrada no/a alumno/a e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste/a na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo/a en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posible dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do alumnado); identificando os seus coñecementos previos para actualalos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación.

b) Estarán orientados á acción.

c) Crearán contextos de aprendizaxe que axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe: a recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas para o nivel básico, intermedio e avanzado do currículo e que centren o ensino no/a aprendiz e nas súas necesidades. O/a profesor/a debe prever as situacións en que terá que desenvolverse o/a alumno/a na realidade, para poderlle proporcionar os expoñentes lingüísticos e os referentes culturais que lle permitirán comunicarse nelas. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación. Para incluír no proceso de aprendizaxe as dimensións do individuo que aprende teremos en conta a súa biografía, os asuntos que o ocupan e os que lle preocupan, a súa creatividade e o seu contorno; e o alumnado tamén poderá propoñer tarefas, seleccionar recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses.

d) Fomentarán a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto na aula como fóra dela.

e) Introducirán os contidos en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. Aínda que estes aparezan no currículo e na programación separadamente, non se trata de velos na aula de forma illada, senón que terán que ser integrados no marco dunha tarefa e en función das necesidades lingüísticas para levala a cabo. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica. A selección dos contidos deriva da actividade de uso da lingua e da tarefa que se realice. A interacción será unha prioridade dentro da aula, deixando claro que o papel do alumnado será fundamentalmente o de participante activo no desenvolvemento da clase, polo que primará o traballo en grupos ou parellas.

6.2. Relación Docente-Aprendiz

Para que o desenvolvemento desta metodoloxía sexa eficaz e a aprendizaxe se produza, cómpre recordar a seguinte relación docente-aprendiz tal como a define o propio Decreto 191/2007, de 20 de setembro:

a) O docente é o deseñador, presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, estimular, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero será o alumnado o que deberá asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais membros do grupo e co docente para atinxir os obxectivos propostos e desenvolver a súa

capacidade de aprendizaxe autónoma. En definitiva, a actividade do/a aprendiz é o factor máis importante para que a aprendizaxe se produza, de maneira que, en último termo, o éxito ou o fracaso das aprendizaxes recaen sobre a persoa que aprende.

b) As estratexias de aprendizaxe son maneiras de obter, comprender e reter a nova información na memoria para poder utilizala posteriormente; inclúen tanto a reflexión sobre o que se aprende e a maneira de aprendelo como as nocións, as motivacións ou a organización da aprendizaxe. Para garantir que a súa aprendizaxe se produza, os alumnos deben adoptar todas aquelas estratexias de aprendizaxe que estimen oportunas, contando en cada momento co asesoramento do docente. Algunhas destas estratexias son: -Establecer de forma clara e realista os propios obxectivos e as necesidades a curto e a longo prazo.

-Organizar adecuadamente o tempo persoal para a aprendizaxe da lingua. -Desenvolver o estilo de aprendizaxe que mellor se adapte ás características persoais e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos.

-Desenvolver e utilizar técnicas de estudo e de traballo adecuadas ás propias capacidades e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos obxecto de aprendizaxe.

-Organizar e usar axeitadamente o material persoal de aprendizaxe.

-Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, utilizando os recursos dispoñibles tanto dentro como fóra da aula e da escola e buscando ou creando oportunidades para practicar a lingua.

-Recoñecer e entender a función dos distintos tipos de actividades así como das diversas funcións do profesorado.

-Comprender o papel dos erros no proceso de aprendizaxe e aprender deles.

-Utilizar a autoavaliación como elemento de mellora do proceso de aprendizaxe.

-Usar materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, novas tecnoloxías, etc.).

-Tomar notas de palabras clave mentres se escoita ou se le.

-Empregar recursos para destacar a información importante dun texto.

-Utilizar distintas técnicas de memorización e organización axeitadas ao estilo de aprendizaxe persoal, por exemplo, os mapas conceptuais ou as táboas de clasificación.

-Utilizar a linguaxe aprendida a medida que se adquire.

-Aproveitar a presenza de nativos, ou falantes cun nivel de competencia lingüística máis avanzado para aclarar, verificar ou corrixir.

-Tolerar a comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

-Valorar e reforzar a motivación como clave do éxito na aprendizaxe.

-Solicitar axuda, correccións, aclaracións ou confirmacións.

-Participar en actividades de lecer conectadas coa aprendizaxe da lingua.

-Saber traballar en equipo, unha fonte máis da aprendizaxe.

7. RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento ten á súa disposición os recursos didácticos tradicionais como poden ser libros de texto, dicionarios, e libros de material fotocopiado, e tamén outros recursos como películas, documentais, xogos, e revistas. Parte do labor do departamento é contribuír a un banco de materiais compartido por todo o profesorado. Este curso promoverase a colaboración entre profesorado para actualizar ou substituír o banco de ligazóns de uso didáctico que se atopa na páxina web da EOI.

Os recursos cos que conta o centro son os seguintes, aínda que cómpre aclarar que as condicións do seu emprego dependen do plan de continxencia do centro:

EOI de Santiago de Compostela

Programación didáctica departamento de italiano – Curso 2024/2025

a) Biblioteca. A actual biblioteca da EOI de Santiago de Compostela pertence á rede MEIGA de bibliotecas da Xunta de Galicia. En italiano, entre outros materiais, pódense atopar os materiais recomendados para os diferentes cursos e niveis. Actualmente os fondos bibliográficos dispoñibles na EOI de italiano superan os 1100 exemplares e atópanse repartidos entre a biblioteca e o departamento.

b) Departamento. O departamento de italiano conta con material bibliográfico ou audiovisual. Durante o curso faranse as xestións necesarias para adquirir fondos bibliográficos e audiovisuais para o departamento. Así mesmo, para este curso o profesorado contará con acceso aos libros de texto en formato dixital.

c) Sala de lectura. A sala de lectura conta con varios ordenadores con conexión a internet. Ademais o alumnado de italiano pode ler varios exemplares de revistas en italiano, concretamente de revistas de aprendizaxe do italiano mercadas cos fondos anuais dos que dispón o departamento para subscricións, así como exemplares da revista Airone e Natural Style.

d) Conexión a internet. O alumnado pode acceder a internet desde os ordenadores da sala de lectura. Nas aulas cóntase con acceso a internet a través de cableado.

e) Laboratorio de idiomas. Non se conta con esta infraestrutura.

f) Aulas. As clases de italiano desenvólvense en diferentes aulas do centro que contan con ordenador con conexión a internet, sistema de audio integrado no teito e encerado dixital.

g) Salón de actos. O salón de actos conta cun encerado dixital e sistema de megafonía e utilízase tamén como aula. Aínda que a ocupación con grupos ordinarios ou outro tipo de cursos fai que non sexa operativo para a súa función inicial, se estivese libre podería servir, sempre previa reserva, para levar a cabo as actividades extraescolares que se programen este curso dende o departamento de italiano.

h) Material informático portátil. Disponse de varios ordenadores portátiles e de 20 tabletas que se poden usar previa reserva.

i) Material reprográfico. Cóntase cunha fotocopiadora en rede cos ordenadores do centro para fotocopiar o material para as aulas e unha impresora no departamento.

8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO

A elaboración da programación didáctica é unha oportunidade para que o profesorado poida reflexionar sobre os materiais e as ferramentas que utilizará para poñer en práctica o contido da mesma. Nalgúns casos, todo o material didáctico será elaborado polo profesorado que imparta o nivel. Noutros, o profesorado utilizará un ou varios libros de texto como apoio á docencia. En todos os casos, e tratándose tanto de materiais creados con anterioridade como publicados por editoriais, o momento da elaboración da programación didáctica irá da man da revisión destes materiais e a análise das carencias nos mesmos. Tamén irá acompañado dunha proposta de materiais que deberán ser creados ou atopados para poder completar a programación dunha forma satisfactoria.

O departamento de italiano terá un banco de materiais, co obxectivo de facilitar que o profesorado pertencente ao mesmo poida acceder facilmente aos materiais antes descritos,

mesmo en casos de profesorado traballando nas seccións, profesorado de nova incorporación ou substituto, etc. O profesorado que imparta o nivel clasificará e organizará este material, manténdoo actualizado, e facilitará o acceso ao mesmo, mantendo unha copia en formato dixital. O material que se creará este curso estará dispoñible para o profesorado en Moodle.

9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO

Para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe usaranse os seguintes libros de texto:

CURSO	LIBRO DE TEXTO
BÁSICO A1A2	BACCI, Simone et al. (2023): <i>Dai! 1 Corso d'italiano. Libro dello studente + Esercizi. Livello A1</i> . Barcelona: Casa delle Lingue. A edición premium inclúe un código para acceder aos recursos dixitais durante 12 meses. ISBN: 9788419273314
INTERMEDIO B1	BALÌ, Maria e ZIGLIO, Luciana (2015): <i>Nuovo Espresso 3: libro dello studente ed esercizi</i> . Firenze: Alma Edizioni. ISBN: 9788861823396. Libro + ebook interactivo
INTERMEDIO B2.1	BALÌ, Maria e ZIGLIO, Luciana (2015): <i>Nuovo Espresso 3: libro dello studente ed esercizi</i> . Firenze: Alma Edizioni. ISBN: 9788861823396. Libro + ebook interactivo (BALÌ, María e DEI, Irene (2017): <i>Nuovo Espresso 4: libro dello studente e esercizi</i> . Firenze: Alma Edizioni. ISBN: 9788861825055.)
INTERMEDIO B2.2	BALÌ, María e DEI, Irene (2017): <i>Nuovo Espresso 4: libro dello studente e esercizi</i> . Firenze: Alma Edizioni. ISBN: 9788861825055
AVANZADO C1.1	Non hai libro de texto.
AVANZADO C1.2	MARIN, Telis e CERNIGLIANO, Maria Angela (2020): <i>Nuovissimo Progetto Italiano 3</i> (con plataforma dixital) – <i>Libro dello studente</i> . Roma: Edilingua. ISBN: 978-88- 99358-98-3 – <i>Quaderno degli esercizi 3</i> . Roma: Edilingua. ISBN: 978-88-31496-00-1

Ademais, usarase outro tipo de material suplementario escrito e audiovisual a disposición tanto no propio Departamento de Italiano como na biblioteca do centro.

Tamén se usarán revistas e xornais, gramáticas, manuais de exercicios, libros específicos para potenciar cada unha das destrezas, xogos variados, filmes, cancións e audicións, os materiais do banco de materiais do departamento, etc. Así mesmo, o uso das TIC e a súa familiarización terán un papel moi importante no proceso de ensino-aprendizaxe.

Ademais destes métodos recomendarase a lectura do material que se atopa na biblioteca. O material escrito achegarase ao alumnado en forma de fotocopias e porase a disposición na plataforma Moodle.

O material audiovisual será simplemente escoitado/visto pola clase en grupo e poranse a disposición en Moodle. Os xogos de mesa e cartas serán axeitados para a súa manipulación en pequenos grupos.

A bibliografía recomendada, que tamén se pode consultar no apartado correspondente do Departamento de italiano na web da escola, será:

a) Dicionarios

Bilingües:

-ARQUÉS, Rossend e PADOAN, Adriana (2012): Il grande dizionario di Spagnolo: Dizionario Spagnolo-Italiano Italiano

-Spagnolo. Bologna: Zanichelli Editore. ISBN: 978808174505.

-CALVO RIGUAL, C. e GIORDANO, A. (2001): Dizionario Spagnolo- Italiano / Italiano-Spagnolo; Herder: Barcelona.

Monolingüe:

-ZINGARELLI, N. (2008): Il Nuovo Zingarelli minore; Zanichelli: Bologna.

b) Gramáticas e exerciciarios:

Para o nivel básico:

A1A2: ZIGLIO, Luciana (2014): Nuovo Espresso 1: esercizi supplementari. Firenze: Alma Edizioni. A2: ZIGLIO, Luciana (2015): Nuovo Espresso 2: esercizi supplementari. Firenze: Alma Edizioni.

Todos os cursos:

-APRILE, Gianluca (2008): Italiano per modo di dire: Esercizi di espressioni, proverbi e frasi idiomatiche. Firenze: Alma Edizioni.

-CONSONNO, Silvia e BAILINI, Sonia (2004): I verbi italiani. Grammatica, esercizi e giochi (A1-C1). Firenze: Alma Edizioni.

-DE GIULI, Alessandro (2007): Le preposizioni italiane. Grammatica, esercizi e giochi (A1-C1). Firenze: Alma edizioni.

-LATINA, A. E MUSCOLINO M. (2014): Una grammatica italiana per tutti 1 (edizione aggiornata) (A1-A2). Roma: Edizioni Edilingua.

-LATINA, A. E MUSCOLINO M. (2014): Una grammatica italiana per tutti 2 (edizione aggiornata) (B1-B2). Roma: Edizioni Edilingua.

-NADDEO, Ciro Massimo (2007): I pronomi italiani. Grammatica, esercizi e giochi (A1-C1). Firenze: Alma Edizioni.

-NOCCHI, Susanna (2011): Nuova grammatica pratica della lingua italiana (A1-B2). Firenze: Alma Edizioni.

-TARTAGLIONE, Roberto e NOCCHI, Susanna (2006): Grammatica avanzata della lingua italiana (B1-C1). Firenze: Alma Edizioni.

-TARTAGLIONE, Roberto (1999): Verbissimo: tutti i verbi italiani. Firenze: Alma Edizioni.

-TARTAGLIONE, Roberto (2005): Grammatica italiana: regole ed esempi d'uso. Alma Edizioni.

c) Páxinas web:

Aínda que se actualizarán ao longo do ano escolar, para consultar os recursos web para a aprendizaxe da lingua italiana, será necesario consultar o seguinte enderezo web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/node/843>

A listaxe de recursos na rede é unha escolla, xa que calquera web de aprendizaxe da lingua é recomendable e útil e será unha listaxe que será aumentada durante o curso por parte dos membros do departamento.

Cada profesor/a do departamento informará sobre os libros de lectura recomendados para os seus grupos e, ao alumnado interesado, aconsellaráselle libros concretos en función dos dispoñibles na biblioteca do centro e dos intereses amosados polo alumnado en cuestión.

10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC

Tendo en conta que vivimos nun mundo globalizado onde as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou en tempo de lecer, son case omnipresentes, a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar esta aprendizaxe multiplícanse dun curso académico para outro.

Gran parte do alumnado é cidadán do mundo dixital, o que supón que está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais: resultaralle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital. Polo tanto resulta conveniente prever, ademais dos recursos tradicionais dispoñibles no centro, a utilización doutros recursos presentes en internet, tendo en conta que a EOI está equipada con conexión a Internet (ADSL, wifi, encerado interactivo) e espazos de traballo que permiten tanto o acceso colectivo (durante a clase) como o acceso individual (fóra da clase) a recursos existentes na rede.

As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas, e máis concretamente do italiano son, entre outros, a motivación, a autonomía e o traballo a diferentes ritmos, a interdisciplinabilidade, o método e o rigor e o desenvolvemento comportamental. Máis especificamente, Internet permite ao alumnado estar en contacto coa lingua auténtica, fai entrar o mundo exterior na aula e serve como punto de partida para múltiples actividades.

No entanto, na selección e utilización de todos eses recursos no departamento de italiano teremos en conta os seguintes aspectos:

-favorecer o uso de redes sociais e o uso da web como ferramenta tanto de recepción como de produción de información e interacción/intercambio con outros usuarios da lingua aprendida (uso de blogs, podcasts, wikis, facebook...);

-fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as TIC (chat, correo electrónico, foros, telefonía ou vídeo conferencia a través de internet, co programa Skype, p.e.): estes recursos permiten realizar proxectos con participantes de países nos que a lingua estudada sexa o vehículo da comunicación ou nos que se traballe de forma multilingüe;

-favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na web (como por exemplo, a través das webquests), utilizando a lingua estudada. Isto tamén implica que se promova no departamento a creación de webquests para o seu uso nas clases, como actividades de síntese da materia ao final de cada unidade didáctica;

-promover o uso de plataformas de xestión da aula virtual Moodle, unha ferramenta útil para construír o coñecemento no traballo en grupo, tamén para a titoría e a orientación individualizada do alumnado. Trátase, en definitiva, de favorecer a continuidade fóra da aula do proceso de aprendizaxe e de garantir a modalidade de ensino virtual.

-incentivar a difusión dos materiais e dos contidos creados por alumnado e profesorado na intranet da EOI e na internet;

-elaborar no departamento un plan de utilización dos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro: isto permitirá facer deles unha explotación didáctica racional, adaptada aos distintos niveis, idades e coñecementos previos do alumnado da EOI.

Os recursos pedagóxicos dispoñibles na Internet que se empregarán nas aulas serán exercicios, tests en liña (autoavaliación e probas de clasificación, tarefas pechadas, tarefas abertas con produción escrita (foros, wikis, blogs), tarefas abertas con interacción oral, cursos (cursos xerais, **por destrezas parciais, linguaxes específicas...**), **boletíns pedagóxicos...** **No apartado de recursos didácticos desta programación recóllese unha relación de recursos pedagóxicos que se atopan na internet e que se empregarán nas aulas.**

Tamén se buscará crear material en formato dixital para o uso nas aulas mediante o uso de diferentes programas, a edición de vídeos capturados da internet e subtitulados en italiano, o uso de blogs...

11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nas aulas deberase prestar atención á diversidade do alumnado en canto ao seu interese e motivación, ao seu nivel de lingua, e a se padece algunha discapacidade sensorial.

11.1. Atención á diversidade: alumnado con diferentes intereses e motivacións.

Como xa sabemos, o ensino nas EOOII é de carácter non obrigatorio, polo tanto a atención á diversidade hai que consideralo e tratalo desde un punto de vista diferente a outro tipo de ensinos. Tamén hai que ter en conta o alumnado que accede á EOI: adolescentes e adultos.

Tendo en conta estas consideracións, son fundamentais para atender a diversidade do alumnado e as súas características particulares a motivación e o interese.

Aínda que en principio o interese e a motivación do alumnado que asiste a clase presuponse porque se trata dun ensino de carácter non obrigatorio, sempre atopamos algún alumnado que

está na clase de idiomas porque os seus pais queren que aprendan unha lingua estranxeira. Isto pode ocorrer no caso de algúns adolescentes. Polo que atinxe os adultos, encontramos distintas situacións: persoas que necesitan aprender unha lingua estranxeira por motivos laborais (porque o precisan para desempeñar o seu traballo diario ou porque lles proporcionaría un ascenso ou mellora económica na súa empresa); tamén hai que ter en conta a idea dun mundo global, no que a mobilidade de persoas é maior, algo que tamén afecta ao mundo laboral, que fai que a competencia sexa maior e que se valoren cada vez máis os coñecementos de linguas estranxeiras; outros adultos queren aprender un idioma para poder realizar investigación nos seus estudos de postgrao, másters, doutoramentos, etc, co fin de ter acceso a bibliografía fundamental para esa investigación; hai outras persoas que están interesadas na aprendizaxe dun idioma por hobby, para poder viaxar e relacionarse con cidadáns doutros países e culturas; outro alumnado quere obter unha certificación oficial, que se lle proporciona despois de terminar os seus estudos.

As razóns para aprender un idioma son diversas, e é moi importante promover o interese e a motivación do alumnado para que non se produzan abandonos a principios ou a metade de curso pola dificultade que pode supor compaxinar o traballo ou estudos, as obrigas e diferentes particularidades persoais e familiares do alumnado coa asistencia a clase.

Para incentivar a motivación o profesorado do departamento fomentará o interese do alumnado no proceso de aprendizaxe mediante actividades coas seguintes características: -comunicativas (como por exemplo xogos);

-significativas dentro e fóra da aula;

-agradables;

-centradas no traballo en grupo;

-interesantes para o alumnado e promocionadoras do seu entusiasmo e participación.

Para promover actitudes positivas e a aprendizaxe do italiano como segunda lingua, débese crear un espazo que invite á aprendizaxe. Os factores que axudan a crear ese entorno inclúen:

-unha situación de aprendizaxe que teña un filtro afectivo baixo no cal o alumnado aprenda a usar a lingua nun ambiente confortable, divertido e seguro. Se isto non é así, o estudiantado sentirase incómodo e creará unha barreira psicolóxica ante a comunicación e a aprendizaxe;

-proporcionar aprendizaxe que sexa comprensible e que se adapte aos diferentes estilos de aprendizaxe do estudiantado (auditivo, visual, verbal, non verbal, táctil etc);

-proporcionar ao alumnado oportunidades de participación activa na clase, tanto de forma individualizada e en parellas, como en grupos;

-o profesorado será un facilitador da aprendizaxe e actuará como guía, mediador, líder, dependendo da actividade que se estea desenvolvendo nese momento;

-proporcionar ao alumnado unha exposición continua á lingua italiana dende o primeiro día de clase en todos os cursos e niveis;

-crear un espazo onde o profesorado e o alumnado se apoie e se anime mutuamente;

-crear situacións nas que o estudiantado sexa capaz de empregar a lingua como forma natural de comunicación;

-crear unha conexión entre a vida escolar e extraescolar, xa que o que acontece dentro da clase de italiano debe ser extrapolado fóra da aula.

11.2. Atención á diversidade: alumnado con diferentes niveis de coñecemento.

Ademais da diversidade de idade, de interese, de cargas laborais ou familiares que ten o alumnado, atoparémonos con alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma.

As probas de clasificación que se realizan nas Escolas Oficiais deberían asegurar unha homoxeneización de niveis dentro dos mesmos cursos. Por outro lado, o Decreto 81/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos de nivel básico e intermedio establece que o título de Bacharel habilita para acceder directamente aos estudos de idiomas de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato, e permite o acceso a calquera nivel ou curso a través da validación de títulos ou certificados recollidos na normativa, o que fai que en moitas ocasións conviva nas aulas alumnado que tivo contacto coa lingua hai moito tempo, pero ten niveis de competencia só nalgunhas destrezas, alumnado que leva moitos anos fóra das aulas e perdeu contacto con calquera tipo de aprendizaxe, e alumnado que presenta niveis heteroxéneos de competencia dentro das catro destrezas. En calquera caso, como en cursos anteriores aínda que probablemente en menor medida, xa que agora están en marcha a totalidade dos cursos e niveis que compoñen todo o ensino de italiano (agás C2 no presente curso), en básico A1A2 de italiano ímonos atopar con alumnado que en principio non ten ningún coñecemento previo da lingua italiana e que nin fixo unha proba de nivel nin de clasificación para acceder a este curso. Porén, contaremos con alumnado que conte con coñecementos previos da lingua máis ou menos importantes e con alumnado que teña dificultades de aprendizaxe. Para contrarrestar estas diferenzas nas aulas intentarase:

- realizar traballos en parellas ou grupos para involucrar todos os membros da clase e xuntar o alumnado con máis dificultades con alumnado máis competente, asegurando así unha participación óptima nas actividades de clase;

- realizar traballos por medio de proxectos: este tipo de traballo pode funcionar positivamente cando se xuntan outra vez grupos de alumnado con diferentes niveis na dificultade da aprendizaxe, pero tamén con grupos homoxéneos por nivel, se se lles asignan aos distintos grupos tarefas adecuadas ao nivel de cada grupo, o que proporciona aos grupos máis fortes o nivel adecuado de dificultade e impide que os máis débiles se vexan desmotivados;

- realizar o traballo da casa: se se lles dá a todos o mesmo traballo para a casa sen ter en consideración os distintos niveis de competencia, os resultados serán dispares. O traballo para casa ten como obxectivo consolidar o traballo na aula, e para que sexa efectivo, é importante nivelar as tarefas encomendadas, o que axuda por un lado a motivar e por outro proporcionará práctica adicional en aspectos da lingua que aínda non dominan, e que as do alumnado máis competente sexan máis estimulantes, o que fai que non perdan motivación e continúen a progresar;

- evitarase provocar que o alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe da lingua que están estudando se sinta inseguro ou incómodo;

- a inclusión de actividades complementarias dentro da aula é fundamental para solucionar o problema do alumnado con distintos ritmos de aprendizaxe, de maneira que se lles dea a posibilidade de reforzar certas áreas ou, simplemente, de contar con material extra de apoio aos contidos xa coñecidos e asumidos. As actividades deben ser integradoras, permitindo deste xeito que o alumnado saque vantaxe dos seus puntos máis fortes;

- de vez en cando haberá que incluír actividades deliberadamente fáciles para que todo o alumnado leve a cabo as tarefas con éxito, xa que isto permitirá aumentar a súa confianza como alumnado dun idioma;

- o uso das TIC como ferramenta de autoaprendizaxe, que lle permite ao alumnado determinar o seu propio ritmo e os seus intereses, unha relación cos seus erros menos pública mediante a realización de actividades autocorrixibles, ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua;

-a programación de aula debe incluír todo este tipo de material adicional para o alumnado que necesite esta axuda extra para acadar os obxectivos, e para o que necesita avanzar máis rapidamente. Usarase o material que se atopa na bibliografía aconsellada e os recursos web que se recollen nesta programación.

11.3. Atención á diversidade: alumnado con diversidade funcional.

Aínda que algunhas das estratexias mencionadas poden ser válidas tamén para o estudantado con algunha discapacidade, queda claro que esta situación presenta outras características adicionais, que en moitos casos afectan ao resto do alumnado, ao profesorado, e que lle impiden ao alumnado discapacitado enfrontarse con éxito ás actividades e levar o ritmo da clase.

Para evitar estas frustracións, é fundamental un enfoque multisensorial e multitarefa. É evidente que unha clase dedicada exclusivamente á comprensión lectora resultará atractiva para certo tipo de alumnado, negándolle a aqueles con algunha discapacidade visual a oportunidade de participar. Do mesmo xeito, unha actividade de comprensión oral resultará menos atractiva para aqueles con algún tipo de discapacidade auditiva. Un achegamento multisensorial, onde se integren as catro destrezas de ler, escoitar, escribir e falar fará que este alumnado teña máis posibilidades de éxito. Outro tipo de solución, detectados estes problemas, pasa por facer unha distribución da clase de xeito que este alumnado poida escoitar o profesorado ou o material auditivo con máis facilidade e lle permita ver o escrito no encerado máis claramente. As actividades fotocopiáveis e os exames pódense entregar tamén nun formato máis grande (A3 en lugar de A4, p.e.) e o emprego dun sintetizador de voz podería solucionar o handicap do alumnado con discapacidade visual; o uso de auriculares individuais ou o uso do laboratorio, se houber, podería solucionar os problemas do alumnado con discapacidade auditiva.

No tocante ao deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

11.4. Alumnado con dificultades cognitivas e/ou de memoria de traballo

Estratexias para minimizar as dificultades de aprendizaxe previndo unha sobrecarga da memoria de traballo, promover as funcionalidades de traballo e empregar estratexias de aula e impacto no deseño das unidades didácticas:

- Reducir as intervencións faladas do profesorado, canto máis fala máis ten que loitar o alumnado por entender.
- Avaliar as demandas de traballo das actividades de aprendizaxe e reducir a dificultade de procesamento. As actividades que supoñen demandas dun almacenamento moi grande/de memoria de traballo implican frecuentemente a retención de cantidades significativas de material verbal cun contido relativamente arbitrario (p.e. lembrar secuencias de tres ou máis números ou palabras que non se relacionan entre si).
- Dar tempo de procesamento extra para responder preguntas (tempo de espera); **simplificar a cantidade de procesamento mental dándolles "pistas" escritas no taboleiro.**
- Acrecentar o grao de significado e de familiaridade do material que hai que lembrar (personalizar e contextualizar).
- Repetir información importante (repetición espaciada), deterse de cando en cando e preguntarlles que resuman o que aprenderon até o momento.

- Dividir instrucións que teñen múltiples pasos en pasos separados, dándolles tempo para realizar os pasos; darlles instrucións escritas como referencia; reestruturar tarefas complexas (dividir en anacos máis pequenos).
- Animar a usar axudas para a memoria (información chave, incluídos os obxectivos das unidades ou actividades, criterios de avaliación, etc; usar mapas conceptuais; apoios visuais).
- Empregar diferentes organizadores gráficos para ensinar novos conceptos e informacións.
- Minimizar a ansiedade e temores do alumnado, porque impactan na capacidade cognitiva.
- Proporcionar recursos prácticos (na súa mesa, se se precisar) para reducir a sobrecarga de memoria, por exemplo, comezos de oracións, soletreo de vocabulario chave, papel pautado, etc.
- Reducir a cantidade total de material que haxa que almacenar ou lembrar (por exemplo, acurtar as oracións que teñan que escribir ou o número de items que teñan que lembrar).
- Usar técnicas de ancoraxe para asegurar que poidan ligar coñecementos previos, proporcionar o contexto, desenvolver rutinas, etc.

O procesamento oral na memoria de traballo supón grandes dificultades, por exemplo, seguir as instrucións orais, coller apuntamentos nas conferencias, respostas escritas a preguntas orais, etc. Por tanto, debemos reducir as cargas da memoria de traballo por medio de:

- Simplificar as instrucións e dividilas en pasos individuais (con axuda de axudas de memoria se for posíbel).
- Dividir as preguntas en segmentos para minimizar a carga de memoria.
- Repetir o contido varias veces para que o alumnado o ouza e procese claramente.
- Animar o alumnado a pedir información cando se require.
- Dar ao alumnado máis tempo de agarda para poderen procesar a información.

Cómpre, ademais, lembrarmos que:

- Cada estudante ten un nivel e función de memoria de traballo e dificultades cognitivas diferentes.
- A memoria de traballo e as dificultades cognitivas van afectar o desempeño nas probas de avaliación.
- A ansiedade, o estrés e o medo engaden máis problemas ás dificultades cognitivas e á memoria de traballo.
- O alumnado que ten moitas dificultades cognitivas e/ou moitos problemas de memoria de traballo na súa L1 vai ter aínda moitos máis coas dificultades cognitivas e coa súa memoria de traballo nunha L2 a

Organizadores gráficos facilitadores da memoria de traballo e que palían as dificultades cognitivas:

- mapas conceptuais e 2 columnas pros/contras (para remuíños de ideas, revisión, vocabulario, conceptualización, etc)
- fichas boca abaixo para descubrir pares, con imaxes, palabras, sons, grafías, etc
- arañeiras ou mapas conceptuais (vocabulario)
- dados

- nubes de palabras (vocabulario, conceptos)
- gráficos: liñas, de barras, tarta.
- "decision tree": elaborar instrucións para resolver un problema
- diagrama de Venn: mostrar similitudes e diferencias
- Smart Art de ciclo: mostrar un proceso de causas-consecuencias
- Liñas temporais: tempos verbais
- Mostrar información sobre cinco tipos de dietas por categorías: táboa ou gráfico, fichas con nomes dos tipos de dietas e outras con definicións, e unilos (isto xa non sería presentación, sería o exercicio)
- Clasificar características: Diagrama de Carroll
- Placemat: debater, contrastar

12. OUTROS CURSOS

No presente ano académico non se ofertan outras tipoloxías de cursos.

13. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos que a compoñen. Estes elementos non son máis que a composición do propio proxecto curricular, se ben esta análise terá que ser feita desde unha perspectiva práctica tendo en conta: que metas se presentan, arredor de que contidos xira, que medidas de intervención didáctica se presupoñen, que materiais e recursos didácticos se utilizaron, que sistemas de avaliación se aplicaron e a funcionalidade de procedemento xeralmente empregada. Seguindo os criterios aprobados no P.E.C da EOI de Santiago estes procedementos incluírán as seguintes avaliacións:

1. Avaliación dos obxectivos.

- Adecuación dos obxectivos.
- Se se relacionan con todos os niveis evolutivos da adquisición da lingua.
- Se os requirimentos se adaptan aos coñecementos e capacidades reais dos alumnos nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Se teñen redundancias ou contidos innecesarios.

2. Avaliación dos contidos.

- Se concretan os obxectivos propostos.
- Se se adaptan ao currículo vixente.
- Se amosan unha lóxica interna.
- Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe.
- Se inclúen autoavaliación do estudante (nas súas propias metas).

3. Avaliación do conxunto da experiencia educativa.

- Se a súa estrutura permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se a súa estrutura e oferta permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos e propostas dos alumnos.
- Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumnado.
- Se permite a adquisición de aprendizaxe instrumental por parte do alumnado.

4. Avaliación dos recursos didácticos

- Se apoian a interacción entre os estudantes e entre profesor-estudantes.

- Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fins didácticos do tipo de trípticos, periódicos, etc.
- Se os recursos son útiles para o desenvolvemento dos contidos e acadamento dos obxectivos.
- Se permiten a exercitación de diferentes formas de expresión.
- Se son atractivos na presentación dos temas.
- Se estimulan as diferentes formas receptivas.
- Se son adecuados para o seu uso creativo.
- Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.
- Se o estudante participa dalgún xeito na súa escolla.

Para analizar estes aspectos, a programación didáctica estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación didáctica á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno.

Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

a) Reunións de departamento. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, permitindo adaptala ás necesidades do alumnado e facendo os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito. Este tema tratarase, como mínimo, unha vez cada mes.

b) Informes mensuais por parte de cada profesor sobre o cumprimento da secuenciación dos contidos e os obxectivos.

c) Reunións periódicas formais ou informais do profesorado que comparta cursos e/ou niveis.

d) Reunións de avaliación final. Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, e reflectirán na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.

e) Creación dun banco de actividades. Isto permitirá unha unificación das tarefas e actividades que se desenvolverán nas aulas e serán no futuro un apoio para o profesorado á hora de preparar as aulas.

f) Enquisas de interese entre o alumnado. Este instrumento permite coñecer a opinión do alumnado respecto á adecuación do libro de texto, das actividades propostas, da temporalización seguida e do traballo de aula, entre outros datos.

g) Estatísticas. Despois de feita a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.

h) Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos que cómpre reformar consignados na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.

14. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Os procedementos que se usarán para realizar a avaliación interna do departamento son os seguintes:

-Observación:

A observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados. A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas, do contacto co profesorado do departamento tanto persoalmente como por correo electrónico, e das queixas de alumnas e alumnos.

-Reflexión en grupo:

Isto pode facerse entre os seguintes colectivos: entre todo o profesorado nas reunións de departamento; entre a xefatura de departamento e os coordinadores; na CCP e outras reunións co equipo directivo.

-Enquisas:

Como mínimo unha vez ao curso enviarase unha enquisa ao profesorado do departamento para analizar o funcionamento do mesmo. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:

- a) O anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir algunha á man e non se farán preguntas identificadoras.
- b) Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
- c) Brevidade.

O modelo de enquisa relativo á avaliación interna do departamento será o seguinte:

Como podemos mellorar o noso departamento?

Por favor marca os seguintes aspectos do 1 ao 5, sendo 1 a valoración máis baixa e 5 a máis alta. Tamén deixa os teus comentarios sobre como cres que as cousas se poden mellorar.

Como valorarías os seguintes aspectos do departamento de italiano?

1. Actividades culturais: 1 2 3 4 5

Como pode mellorar?

2. Recursos didácticos: 1 2 3 4 5

Como pode mellorar?

3. Reunións de departamento: 1 2 3 4 5

Como pode mellorar?

4. Elaboración dun banco de exames: 1 2 3 4 5

Como pode mellorar?

5. Organización das probas finais de xuño: 1 2 3 4 5

Como pode mellorar?

6. Comunicación coa xefatura do departamento: 1 2 3 4 5

Como pode mellorar?

7. Outros: Algún outro comentario?

15. PROCEDIMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

Nos centros de ensino é necesario, antes de deseñar e intervir, realizar un estudo previo – análise de necesidades – que permita calcular coa maior exactitude posíbel os aspectos en que debemos centrar o noso traballo formativo, como debemos realizalo e secuencialo etc.

É importante que a análise das necesidades non sexa realizada “de arriba para abaixo”, é dicir, que non sexan exclusivamente os membros dos equipos directivos, da inspección ou da Consellaría os que determinen cales son as necesidades que ten o profesorado; para isto é importante lembrar que as necesidades non son só déficits ou carencias e que existen necesidades de diferente tipo:

-Normativas: aluden ao establecido por lei normal ou social.

-Sentidas: percepcións subxectivas de cada persoa.

-Expresas: esixencias xeneralizadas.

-Comparativas: derivadas da diferenza entre grupos en igualdade de condicións onde un posúe algo que os outros non teñen.

-Prospectivas: fan referencia a necesidades que xurdirán no futuro.

Os procedementos básicos que se utilizarán para detectar as necesidades de formación do profesorado do departamento serán principalmente tres:

-Observación: a simple observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados a través da acción formativa (dificultades para gravar un cd, uso **incorrecto dos aparellos electrónicos...**). **A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas ou estrañas e das queixas de alumnas e alumnos.**

-Reflexión en grupo: o proceso podería ser o que segue:

a) Distribución do profesorado (dun único departamento ou de varios) en grupos de 5 ou 6 persoas; escolla de voceiro.

b) Reflexión individual sobre as propias necesidades e elaboración dunha lista.

c) Debate en grupo e contraste das reflexións individuais para conseguir unha proposta consensuada (sen excluír ningunha das anteriores); posteriormente repetirase o proceso cos resultados dos outros grupos.

-Enquisas: poden ser dirixidas ao profesorado ou ao alumnado. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:

a) Anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir algunha á man e non se farán preguntas identificadoras.

b) Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.

c) Brevidade.